

PLENO DO PARLAMENTO

13 de outubro de 2021

10:00 horas

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 13 de outubro de 2021, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 5 de outubro de 2021, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Debate anual sobre política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 21623, 11/DEBA-000001)

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2021.

Miguel Ángel
Santalices Vieira,
Presidente



Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2021.10.05 12:22:42 +02'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Relación de deputados

1. Dona María del Carmen Aira Díaz	BNG
2. Don Luis Manuel Álvarez Martínez	S
3. Dona María Encarnación Amigo Díaz	P
4. Don Pablo Arangüena Fernández	S
5. Dona Raquel Arias Rodríguez	P
6. Don José Antonio Armada Pérez	P
7. Don José Manuel Balseiro Orol	P
8. Don Xosé Luís Bará Torres	BNG
9. Don Gonzalo Caballero Miguez	S
10. Dona Belén Cachafeiro Anta	P
11. Don Diego Calvo Pouso	P
12. Dona María Elena Candia López	P
13. Don Ramón Carballo Páez	P
14. Dona Iria Carreira Pazos	BNG
15. Don Daniel Castro García	BNG
16. Dona Paloma Castro Rey	S
17. Don Francisco José Conde López	P
18. Dona María Sol Díaz Mouteira	P
19. Dona Noa Susana Díaz Varela	S
20. Dona Teresa Egerique Mosquera	P
21. Don Ramón Fernández Alfonso	BNG
22. Dona Alexandra Fernández Gómez	BNG
23. Don José Luis Ferro Iglesias	P
24. Don Juan Carlos Francisco Rivera	S
25. Dona María Begoña Freire Vázquez	P
26. Dona María Leticia Gallego Sanromán	S
27. Dona Ana Belén García Vidal	P
28. Don Carlos Gómez Salgado	P
29. Dona María González Albert	BNG
30. Dona María do Carme González Iglesias	BNG
31. Dona Rosalía López Sánchez	P
32. Don Rubén Lorenzo Gómez	P
33. Don Manuel Antonio Lourenzo Sobral	BNG
34. Dona María Guadalupe Murillo Solís	P
35. Dona Marta Nóvoa Iglesias	P
36. Don Alberto Núñez Feijóo	P
37. Dona Marina Ortega Otero	S
38. Dona Noelia Otero Lago	S
39. Dona Patricia Otero Rodríguez	S
40. Don Adrián Pardo López	P
41. Don José Alberto Pazos Couñago	P
42. Dona Rosana Pérez Fernández	BNG
43. Don Daniel Pérez López	BNG
44. Dona Noelia Pérez López	P
45. Dona Carmen María Pomar Tojo	P
46. Dona Ana Pontón Mondelo	BNG
47. Dona María Corina Porro Martínez	P
48. Dona María Montserrat Prado Cores	BNG
49. Dona Paula Prado del Río	P
50. Don Jesús Miguel Prado Patiño	P
51. Dona Noa Presas Bergantiños	BNG

Relación de deputados

52. Don Pedro Puy Fraga	P
53. Dona Mercedes Queixas Zas	BNG
54. Don José Manuel Rey Varela	P
55. Don Paulo Ríos Santomé	BNG
56. Don Xosé Luís Rivas Cruz	BNG
57. Don Ovidio Rodeiro Tato	P
58. Dona Olalla Rodil Fernández	BNG
59. Dona María Felisa Rodríguez Carrera	P
60. Dona María del Carmen Rodríguez Dacosta	S
61. Don Moisés Rodríguez Pérez	P
62. Dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
63. Dona Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
64. Don Alfonso Rueda Valenzuela	P
65. Don Miguel Ángel Santalices Vieira	P
66. Don Manuel Santos Costa	P
67. Dona Cristina Sanz Arias	P
68. Don Martín Seco García	S
69. Dona María Elena Suárez Sarmiento	P
70. Don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG
71. Don Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
72. Don Julio Torrado Quintela	S
73. Dona Sandra Vázquez Domínguez	P
74. Don Daniel Vega Pérez	P
75. Don Borja Vereja Fraiz	P

**Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
XI Lexislatura**

(actualizada o 22 de setembro de 2021)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	S	NON	ABST
1. Aira Díaz, María del Carmen	BNG			
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	S			
3. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
4. Arangüena Fernández, Pablo	S			
5. Arias Rodríguez, Raquel	P			
6. Armada Pérez, José Antonio	P			
7. Balseiro Orol, José Manuel	P			
8. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
9. Caballero Miguez, Gonzalo	S			
10. Cachafeiro Anta, Belén	P			
11. Candia López, María Elena	P			
12. Carballo Páez, Ramón	P			
13. Carreira Pazos, Iria	BNG			
14. Castro García, Daniel	BNG			
15. Castro Rey, Paloma	S			
16. Díaz Mouteira, María Sol	P			
17. Díaz Varela, Noa Susana	S			
18. Egerique Mosquera, Teresa	P			
19. Fernández Alfonzo, Ramón	BNG			
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG			
21. Ferro Iglesias, José Luis	P			
22. Francisco Rivera, Juan Carlos	S			
23. Freire Vázquez, María Begoña	P			
24. Gallego Sanromán, María Leticia	S			
25. García Vidal, Ana Belén	P			
26. Gómez Salgado, Carlos	P			
27. González Albert, María	BNG			
28. González Iglesias, María do Carme	BNG			
29. López Sánchez, Rosalía	P			
30. Lorenzo Gómez, Rubén	P			
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	BNG			

32. Murillo Solís, María Guadalupe	P			
33. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
34. Otero Lago, Noelia	S			
35. Otero Rodríguez, Patricia	S			
36. Pardo López, Adrián	P			
37. Pazos Couñago, José Alberto	P			
38. Pérez Fernández, Rosana	BNG			
39. Pérez López, Daniel	BNG			
40. Pérez López, Noelia	P			
41. Pomar Tojo, Carmen María	P			
42. Pontón Mondelo, Ana	BNG			
43. Prado del Río, Paula	P			
44. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
45. Presas Bergantiños, Noa	BNG			
46. Puy Fraga, Pedro	P			
47. Queixas Zas, Mercedes	BNG			
48. Rey Varela, José Manuel	P			
49. Ríos Santomé, Paulo	BNG			
50. Rivas Cruz, Xosé Luís	BNG			
51. Rodeiro Tato, Ovidio	P			
52. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
53. Rodríguez Carrera, María Felisa	P			
54. Rodríguez Dacosta, M ^a del Carmen	S			
55. Rodríguez Pérez, Moises	P			
56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta M ^a	P			
58. Santos Costa, Manuel	P			
59. Sanz Arias, Cristina	P			
60. Seco García, Martín	S			
61. Suárez Sarmiento, María Elena	P			
62. Tabarés Pérez Piñeiro, Iago	BNG			
63. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
64. Torrado Quintela, Julio	S			
65. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
66. Vega Pérez, Daniel	P			
67. Vereá Fraiz, Borja	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

68. Conde López, Francisco José	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO

71. Ortega Otero, Marina	S			
72. Porro Martínez, María Corina	P			
73. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 13.10.2021

Hora: 10:00

Orde do día

1. Debate anual sobre política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 21623, 11/DEBA-000001)

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.10.2021 Hora: 10:00
Orde do día

1.1 21623(11/DEBA-000001)

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

Do presidente da Xunta, por petición propia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, 202, 22.09.2021



XUNTA
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

14 SET. 2021

Núm. 21623

galicia

XUNTA
DE GALICIA

Saída 20031 / RX 1617684

Registro Xeral da Xunta de Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 14/09/2021 10:08:49



No artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, establécese —no seu primeiro inciso— que a Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comezo dun dos períodos de sesións, a celebración dun debate de política xeral.

Neste inicio do novo período de sesións, solicito, en nome da Xunta de Galicia, que a celebración dese debate de política xeral teña lugar nunha sesión plenaria no vindeiro mes de outubro.

Esta sesión tería un único punto na orde do día:

“Comparecencia do Presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2021

O Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo
Alfonso Rueda Valenzuela

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia
R/ do Hórreo, nº 63
15701 Santiago de Compostela

Achada por: RUEDA VALENZUELA, ALFONSO
Cargo: Xefe do Centro Primeiro e Conselleiro de Presidencia,
Xustiza e Turismo
Data e hora: 14/09/2021 09:54:41

CVE: wNub0SVp1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xacobeo 21-22



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de outubro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Ordenación do debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021 e apertura de prazo para presentar propostas de resolución

A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, conforme ao disposto no artigo 141bis do Regulamento do Parlamento de Galicia, na reunión do día 5 de outubro de 2021, en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021, adopta o seguinte acordo:

1.º) Ordenar o debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021 nos termos seguintes:

A) Presentación da comunicación do goberno e intervención dos grupos parlamentarios

Mércores 13 de outubro de 2021, ás 10.00 horas, presentación da comunicación do Goberno por parte do presidente da Xunta, sen límite de tempo.

Trala súa exposición, suspenderase a sesión, que se reiniciará pola tarde, ás 16.00 horas, para que tomen a palabra os representantes dos grupos parlamentarios, por orde de menor a maior importancia numérica.

A distribución de tempos é a seguinte:

- Unha primeira intervención por un máximo de 45 minutos para cada grupo parlamentario.
- Posible suspensión por 15 minutos.
- O presidente do Goberno poderá contestar aos grupos parlamentarios de maneira illada ou conxunta sen límite de tempo.
- Unha quenda de réplica dun máximo de 15 minutos para cada Grupo.
- Contrarréplica do presidente.

Suspensión da sesión ata as 11 horas do venres 15 de outubro de 2021.

Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego





B) Presentación de propostas de resolución

Unha vez concluído o debate, abrirase o prazo para a presentación de propostas de resolución, que terminará o xoves 14 de outubro de 2021, antes das 10:30 horas.

Os grupos parlamentarios poderán presentar un máximo de 40 propostas de resolución referidas ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple, e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta. As propostas serán cualificadas pola Mesa da Cámara o xoves 14 de outubro de 2021, ás 12.00 horas.

As transaccións e propostas de votación separada serán presentadas polos grupos parlamentarios á Mesa antes das 22.30 horas do xoves, 14 de outubro de 2021.

As propostas de resolución transaccionadas serán cualificadas pola Mesa ás 9:30 horas do 15 de outubro de 2021.

C) Debate e votación das propostas de resolución

As propostas de resolución, debateranse e votaranse o día 15 de outubro de 2021, venres, a partir das 11.00 horas.

Os grupos parlamentarios intervirán en orde de menor a maior importancia numérica, e contarán cunha quenda de 30 minutos para defendelas.

Rolda de fixación de posición dos grupos de 10 minutos.

Votación.

2.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2021

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

Firmado digitalmente por Diego Calvo Pouso,
Vicepresidente 1º
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Diego
Calvo Pouso, Vicepresidente 1º,
email=diego.calvo.pouso@parlamentodegalicia.
gal
Fecha: 2021.10.05 13:04:25 +0200'

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego






Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso, Vicepresidente 1º na data 05/10/2021 13:04:25





A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de outubro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

1. Procedementos de control e impulso

1.1. Comunicacóns da Xunta de Galicia

1.1.1. Debate de política xeral

Cualificación das propostas de resolución presentadas en relación co debate de política xeral de 2021

A Mesa do Parlamento examina as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021.

Tendo en conta o disposto no artigo 141*bis* do RPG e os criterios de cualificación establecidos pola a Mesa da Cámara o 5 de outubro de 2021 logo da audiencia da Xunta de Portavoces en virtude dos cales os grupos parlamentarios poderán presentar un máximo de 40 propostas de resolución referidas ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enumeración simple, e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta.

Adóptase o seguinte ACORDO:

I. Cualificación das propostas de resolución

A) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 23657 e corrección de erros no doc. núm. 23707): 40 propostas de resolución presentadas


Admítense a trámite as 40 propostas de resolución.

B) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 23656): 40 propostas de resolución presentadas

Admítense a trámite as 40 propostas de resolución.

C) Propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular (doc. núm. 23659): 40 propostas de resolución presentadas

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia.
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia.



Admítense a trámite as 40 propostas de resolución.

II. Votación das propostas de resolución

Tendo en conta os citados criterios de cualificación, os parágrafos da parte resolutiva das propostas de resolución, estean ou non identificados con guións ou con calquera outro signo de puntuación, non poderán dar lugar a unha votación separada.

III. Advertencias normativas

En relación coas propostas polas que se crean órganos parlamentarios por resolución do Pleno, conforme ao previsto no Regulamento e os precedentes, a súa creación está suxeita ao previo cumprimento dos requisitos regulamentarios esixidos para cada tipo de órgano.

O que se comunica para o coñecemento dos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

Miguel Ángel
Santalices Vieira,
Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel
Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel
Ángel Santalices Vieira, Presidente,
email=miguelangel.santalices.vieira@parlament
odegalicia.es
Fecha: 2021.10.14 13:14:05 +02'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia
Sr. portavoz do G.P. Popular de Galicia.
Sra. portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego.
Sr. portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta as seguintes **Propostas de resolución** para o seu tratamento polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”.



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 1

De reforzo e ampliación do autogoberno para facerlle fronte á crise

O Parlamento galego acorda por resolución crear, no seu seo, unha ponencia que procure avanzar nun novo estatus político para Galiza que permita acadar o poder político que como nación lle corresponde e impulsar as transformacións necesarias para garantir o benestar da presente e das futuras xeracións.

Así mesmo, a Cámara insta a Xunta a superar 12 anos de parálise e retroceso do autogoberno e en consecuencia demandar a convocatoria da comisión mixta de transferencias Xunta-Estado para programar a negociación do traspaso das competencias pendentes, tanto as que están recollidas no Estatuto como aquelas que foron obxecto de acordo no Parlamento galego. Na axenda negociadora incluíranse todas aquelas competencias que xa foron transferidas ou se están negociando con outras comunidades. Con carácter prioritario negociaranse as seguintes competencias:

- Tráfico e seguridade viaria
- Bacías hidrográficas
- Ordenación do litoral e xestión do dominio público marítimo-terrestre
- Autoestradas de titularidade estatal AP9 e AP 53
- Portos de interese xeral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Aeroportos
- Ferrocarril de proximidade
- Meteoroloxía
- Inspección de traballo
- Catastro
- Formación continua para o emprego
- Ordenación do sector pesqueiro
- Investigación oceanográfica
- Titulacións profesionais náutico-pesqueiras
- Museos, arquivos e bibliotecas do Estado
- Institucións penitenciarias
- Bolsas de axuda ao estudo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 2

Un novo marco económico e financeiro

Diante da negociación dun novo sistema de financiamento, o Parlamento galego acorda, por resolución, a constitución dunha ponencia para a elaboración dunha proposta galega de cara a á negociación dun novo sistema de financiamento. Así, mesmo, o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a defender os cambios necesarios para asegurar a suficiencia na atención dos servizos públicos, a cobertura das necesidades sociais e o impulso do desenvolvemento económico atendendo a realidade social e territorial galega; a atribución de maior capacidade normativa e responsabilidade fiscal, avanzando como mínimo sobre os impostos soportados en cuestións como a transferencia do imposto de sociedades e dunha meirande porcentaxe do IVE; o rexeitamento do proceso de recentralización fiscal así como da recuperación do marco legal e financeiro por restrinxir a capacidade investidora e vulnerar o autogoberno.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 3

Cara ao futuro desde o galego

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar, desde a participación e consenso social, a reforma da Lei 3/1983 de normalización lingüística co obxectivo de adaptar á realidade sociolingüística actual e reactivar o avance da normalización lingüística que free a progresiva involución do galego como lingua propia e oficial.

Así mesmo, e con carácter inmediato, insta a derrogar o Decreto 79/2010, cuxa avaliación negativa no ensino vén de ser contrastada por estudos científicos, a desenvolver o Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza en 2004, a comezar por elaborar un Plan de dinamización da lingua galega para a infancia e a mocidade, de forma integral e transversal, que atenda tanto á adquisición da competencia lingüística como ao estímulo do seu uso social normalizado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº4

Por unha sanidade pública de calidade e con dereitos

Após a pandemia da COVID-19, ficou de manifesto a necesidade de contar cun sistema sanitario público de calidade, con persoal e recursos suficientes e con capacidade para adecuarse a situacións de estrés. Ante isto, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a desenvolver un plan de choque que supoña a reversión inmediata de todas as concesións e externalizacións ao sector privado, tanto para a prestación de servizos sanitarios como non sanitarios; a publicación do total das listas de espera actuais, tanto estruturais como non estruturais, para poder acometer a mellora das mesmas, que se viron aumentadas durante as diferentes ondas da pandemia, poñendo a disposición todos os recursos cos que conta o sistema e reforzando aqueles que sexa preciso para manter a asistencia sanitaria nos tempos axeitados tanto na primeira consulta coma nas sucesivas derivacións. Asemade, elaborárase un Plan de Ordenación de Recursos Humanos e posteriormente un Plan de Estabilización do Emprego que sexan presentados ante a mesa sectorial e que permitan establecer unhas ratios axeitadas de profesionais para garantir a asistencia sanitaria de calidade, e en base a iso, realizar as Ofertas Públicas de Emprego precisas para acadalas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 5

Atención Primaria como o eixo do sistema sanitario.

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a situar a Atención Primaria no centro do sistema sanitario, con equipas profesionais multidisciplinares, coa dotación de persoal e recursos necesarios para garantir unha atención de calidade. Para acadar este obxectivo incrementarase no inmediato o orzamento destinado a Atención Primaria en 200 millóns de euros, co horizonte de situalo no 25% do orzamento da Consellaría de Sanidade ao final da presente lexislatura, e recuperaranse as Xerencias de Atención Primaria, con capacidade de xestión e decisión e cunha dotación orzamentaria suficiente. Ademais, abriranse de novo todos os consultorios pechados durante a pandemia, garantido a asistencia sanitaria de proximidade a toda a poboación; aumentarase a dotación de persoal en Atención Primaria, tanto nos PAC coma nos Centros de Saúde, dando cobertura ao total de prazas existentes en todas as categorías profesionais; e desenvolveranse as equipas multidisciplinares coa incorporación de novas categorías como psicólogas clínicas e o reforzo de todas, coa aprobación das carteiras de servizos para cada unha delas que faciliten a accesibilidade da poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 6

Atención á Saúde Mental

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar un estudo epidemiolóxico con perspectiva de xénero que permita coñecer a situación actual da poboación en relación á saúde mental, analizando o impacto que supuxo a COVID19 neste eido, e tamén poñendo de manifesto os recursos dispoñíbeis dentro do Sergas e a accesibilidade aos mesmos; ao tempo que, desde o punto de vista asistencial, se realizan as seguintes actuacións:

- Desenvolvemento do Plan Galego de Prevención do Suicidio, incluíndo un cronograma de aplicación, así como un incremento de 25 millóns de euros no orzamento de 2022, e o correspondente aumento do número de profesionais.

- Dotación de persoal suficiente en Atención Primaria incorporando tamén novas categorías profesionais coma a de psicólogas clínicas que poidan dar unha primeira asistencia especializada.

- Desenvolvemento dun plan de atención a persoas vulnerábeis que contemple tanto a prevención coma a asistencia á patoloxía, co deseño de estratexias para evitar a exclusión social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 7

Gratuidade e acceso universal ao ensino de 0 a 3 anos

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir o acceso universal e gratuíto de todas as crianzas de 0 a 3 anos ás escolas infantís inserindo esta etapa como unha máis do sistema educativo galego de maneira que se garantan prazas suficientes na rede pública.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 8

Por un novo modelo de coidados que poña no centro as persoas

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar un novo modelo de coidados que poña no centro as persoas a través da promoción da súa autonomía persoal, o seu benestar e dignidade humana. Para tal fin, o Goberno galego incrementará o persoal e recursos necesarios para eliminar as listaxes de agarda nos procesos de valoración da dependencia e de asignación de recursos; regulará o sector das residencias de maiores a través da aprobación dunha Lei galega de residencias que inclúa, entre outras cuestións, a recuperación para a xestión públicas das residencias de titularidade autonómica actualmente privatizadas así como a aprobación dun Plan de implantación de novos centros públicos que incremente o número de prazas con criterios de humanidade, proximidade e equilibrio territorial. De igual maneira, a Cámara insta a Xunta de Galiza a garantir o despregamento dunha rede pública de servizos de proximidade (teleasistencia, axuda a domicilio, Xantar na casa...) encamiñada a promover a autonomía persoal e a prevención da dependencia favorecendo a corresponsabilidade social nos coidados e a permanencia das persoas maiores nos seus domicilios a través da diversificación dos apoios e a atención profesional.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 9

Por unha Galiza feminista libre de violencias machistas

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a destinar o 1% do orzamento para 2022 aos programas que, de maneira exclusiva e específica, están dirixidos a loitar contra a violencia de xénero así como a impulsar a elaboración dunha Lei galega contra a fenda salarial e garantir que as mulleres que deciden interromper voluntariamente un embarazo poden exercer o seu dereito na sanidade pública galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 10

Na defensa dos dereitos das persoas LGBT

O Parlamento amosa o seu rexeitamento aos discursos de odio e insta a todas as forzas políticas a rexeitar calquera acordo político con partidos que ameazan gravemente a dignidade humana cuestionando, entre outros, os dereitos fundamentais das persoas LGBT. Así mesmo, a Cámara insta a Xunta de Galiza a desenvolver e dar cumprimento á Lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación das persoas LGBT, ao tempo que se acomete unha reforma lexislativa para engadir un capítulo de sancións. Do mesmo xeito, tamén se desenvolverá unha estratexia global de educación e asesoramento que pivote sobre as seguintes cuestións:

- Elaboración dun Plan galego de educación sexo-afectiva
- Deseño de plans específicos de atención a persoas LGBT en todas as institucións públicas
- Realización de plans de formación obrigatoria en materia LGBT para todo o persoal público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 11

Polo impulso do ensino público galego

O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a impulsar un plan de reforzo do ensino público que incremente os cadros de persoal do sistema educativo en cando menos 1.000 profesores; co obxectivo de recuperar paulatinamente os dereitos laborais do profesorado e acadar rateos de até un máximo de 15 estudantes por aula en Educación Infantil, 20 en Primaria, ESO, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e de 25 alumnos/as por aula no Bacharelato. Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta a:

- Acordar coa comunidade educativa (ANPAS, sindicatos, alumnado) o desenvolvemento legal da LOMLOE para acadar un corpo normativo adaptado á realidade galega e ás necesidades da comunidade educativa.

- Impulsar unha Lei Galega de Educación na que se contemplan, entre outras, medidas como a gratuidade universal dos libros de texto, o acceso a un servizo público de comedores escolares para todo o alumnado que o precise, a reformulación en clave galega da FP dual, un plan de atención á diversidade con profesionais suficientes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe (e incorpore aos centros a figura das traballadoras e traballadores sociais) ou o impulso con recursos materiais, humanos e económicos a coeducación e a elaboración de plans de igualdade nos centros de ensino.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Suprimir os concertos educativos cos centros que segregan alumnado por sexo, limitar o desvío de fondos ao ensino privado a tan só aqueles casos nos que non exista oferta suficiente na rede pública e esixir do goberno do estado a supresión da relixión do currículo escolar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 12

Na defensa da universidade pública galega

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a acordar un novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galiza (PFSUG) que garanta fondos públicos suficientes para o Sistema Universitario Galego tendo como referencia o 1,5% do PIB.

Da mesma maneira, o Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- Paralizar os procesos de privatización do sistema universitario galego e a retirar a autorización a aquelas universidades privadas que incumpran a lexislación vixente.
- Reducir progresivamente as taxas universitarias até a súa gratuidade.
- Demandar a transferencia da competencia en materia de bolsas universitarias e triplicar a contía das mesmas fundamentando o acceso en criterios económicos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 13

Vivendas con xente, xente con vivenda

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar un Plan Sectorial da Vivenda que garanta o dereito a vivenda co obxectivo de ampliar a porcentaxe de vivenda pública en alugueiro até o 5%; conseguir que a vivenda protexida pase a ser prioritariamente de promoción pública en réxime de alugueiro, de forma que o investimento se transforme nun ben público; impulsar a mobilización da vivenda baleira cara ao mercado do alugueiro, tanto a través de medidas de imposición fiscal e recargos, fundamentalmente a grandes propietarios, como mediante a adquisición de vivenda baleira por parte da Xunta en zonas de forte demanda de vivenda pública. Así mesmo, no marco dos Fondos Next Generation a Xunta de Galiza impulsará a promoción de 1.000 vivendas en réxime de alugueiro de construción sostible e de consumo enerxético case nulo, co obxectivo de aumentar o parque de vivendas público, mellorar a súa eficiencia e custos e colaborar coa difusión de tecnoloxías e criterios de sustentabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 14

Unha mocidade con futuro, unha Galiza con futuro

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a crear e desenvolver un Plan Retorna, que permita á mocidade galega desenvolver un proxecto propio de vida na nosa terra e que contemple, cando menos, a redución da precariedade e temporalidade do emprego, o acceso a unha vivenda digna e a consecución dunha maior estabilidade e independencia económica que permita á nosa mocidade emigrada volver ao noso país e que evite a emigración forzosa. Deberanse tomar como medidas prioritarias a creación de emprego de calidade para a mocidade mediante programas de axudas e incentivos á contratación de xente moza cunhas condicións de traballo dignas; a creación dun servizo específico para a mocidade, dentro do Servizo Galego de Emprego, que contemple diferentes actuacións en materia de formación, procura de emprego e reciclaxe, e a creación dunha Bolsa de Vivenda para Estudiantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 15

Pola reactivación da cultura e dos sectores culturais galegos

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar un Plan de reactivación sustentábel dos sectores culturais, en diálogo e consenso cos axentes e sectores representativos, para impulsar a súa recuperación logo da severa afectación pola pandemia, de cara á consolidación da cultura como un dereito básico da sociedade, así como recurso económico que xera emprego e riqueza.

Por iso, a Cámara insta a Xunta de Galiza a ampliar até o 1% o orzamento ordinario da Xunta destinado a cultura e comprometer o 2% dos fondos extraordinarios Next Generation neste ámbito así como impulsar a Lei do Fondo Cultural Galego previsto no Estatuto, co obxectivo de promocionar os valores culturais galegos e xerar recursos financeiros a favor da nosa cultura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 16

Pacto galego pola ciencia, o coñecemento como motor de desenvolvemento económico e social

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a apostar na I+D+i como sector estratéxico para o desenvolvemento económico, social e cultural de Galiza promovendo, en diálogo co sector, o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2020-2024 que inclúa, entre outras medidas:

-O incremento, progresivo, do investimento en I+D+i até o situar no 2,5% do PIB.

- Destinar o 3% do orzamento da Xunta de Galiza para 2022 en I+D+i.

- Crear o Innogal, Fundación galega para a ciencia e a investigación, encargada do impulso de programas dirixidos á retención e captación de talento e o fortalecemento do sistema investigador galego.

- Creación do Programa de investigación e innovación empresarial dirixido a estimular e apoiar o investimento en I+D+i do sector privado, a transferencia de coñecemento, así como a modernización tecnolóxica do tecido empresarial galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 17

Estratexia galega fronte á crise ambiental e por unha transición xusta e inclusiva

O Parlamento insta o Goberno galego a desenvolver unha estratexia de país fronte á crise ambiental cos seguintes eixes de actuación:

- Apertura dun amplo proceso de participación institucional e social para elaborar a Lei do Cambio Climático e Transición Xusta e unha Estratexia Galega fronte á Crise Ambiental. A elaboración e aprobación da Lei e da Estratexia deberá comprometer a todos os ámbitos institucionais e deberá procurar a implicación de todos os sectores económicos e sociais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as políticas do chamado “capitalismo verde” en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, o monte, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento do noso país.

- Creación dun organismo independente encargado de avaliar -en 2023, 2025 e 2030- os avances da Estratexia e o cumprimento dos obxectivos de loita contra a crise ambiental e o cambio climático.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 18

Unha nova política fiscal ao servizo dos retos da emerxencia climática e a xustiza social

Galiza debe contar cunha folla de ruta propia diante dos cambios normativos e fiscais derivados do contexto de emerxencia climática para asegurar que as medidas son realmente eficaces e obedecen aos obxectivos ambientais e garantir asemade que non manteñan ou agraven as desigualdades sociais e territoriais xa existentes neste proceso de transición enerxética. Para iso, o Parlamento acorda crear unha comisión de estudo sobre fiscalidade verde, co obxecto de revisar os actuais tributos ambientais (canon da auga e coeficiente de vertedura, canon eólico, imposto sobre contaminación atmosférica, imposto polo dano ambiental causado por uso e aproveitamento de auga embalsada e imposto compensatorio mineiro), deseñar outros instrumentos que permitan situar gradualmente o noso país na media estatal e europea nesta materia e garantir que as empresas que impactan medioambientalmente en Galiza compensen impositivamente o noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 19

Impulso dun novo modelo eólico sustentábel, xusto e galego

Ante unha expansión eólica con graves consecuencias por falta de garantías sociais, medioambientais e económicas o Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a reclamar capacidade de decisión plena sobre o sector diante do Estado e impulsar un novo marco regulatorio que blinde garantías ambientais, sociais e económicas.

Para iso, o Goberno galego comprométese a fomentar a transparencia e a participación; adaptar as áreas de investigación eólica ás características actuais da tecnoloxía; incrementar a vixilancia para asegurar o cumprimento do principio de prevalencia da protección ambiental, a salvagarda do patrimonio natural, da biodiversidade e dos recursos estratéxicos como a auga, para o que se paralizarán cautelamente os proxectos incluídos en áreas previstas para a ampliación da Rede Natura e fiscalizaranse posíbeis fragmentacións en fraude de lei. Así mesmo, asegurárase o retorno económico transferindo á sociedade unha parte dos beneficios xerados polo vento galego a través de fórmulas de participación pública e da esixencia para a instalación de novos parques de Plans industriais e de que unha parte das compoñentes sexan de produción galega para frear as deslocalizacións da industria asociada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 20

Galiza diante da crise enerxética e a escalada dos prezos

Ante a grave crise que afecta o fornecemento dun ben básico como a enerxía eléctrica, o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a constituír unha Mesa de traballo pola enerxía a través da que impulsar, entre outras, as seguintes medidas:

- Demandar do goberno central a intervir na regulación do mercado eléctrico acometendo medidas estruturais como a modificación do sistema de fixación do prezo da enerxía eléctrica para que se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía; a compensación do papel de Galiza como produtora a través dunha rebaixa nas peaxes de acceso; a redución do IVE ao 4% e a eliminación permanente da carga impositiva da factura allea ao funcionamento do sistema eléctrico. Así mesmo, a que tome as medidas oportunas para garantir o subministro eléctrico en Galiza, valorando as posibilidades de todas as instalacións de xeración eléctrica que estean en condicións de funcionamento.

- Impulsar o aproveitamento do papel produtor de Galiza para o desenvolvemento económico e social, singularmente a constitución dunha empresa pública galega de enerxía que incorpore os activos hidráulicos que se poden rescatar para o sistema público e novas instalacións (eólica, fotovoltaica, hidróxeno...) nas que a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta participe total ou parcialmente e do impulso dun centro para a competitividade e a I+D+i no almacenamento de enerxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 21

Estratexia galega consensuada diante do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e os Fondos Next Generation.

Ante a importancia que terá para Galiza o resultado que obteña na pugna polos mecanismos de financiamento europeos arbitrados é necesario que a Xunta de Galiza abandone a súa praxe de escurantismo, unilateralidade e falta de transparencia. Para iso, o Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a remitir no prazo máximo de tres días a totalidade da documentación solicitada polos Grupos Parlamentarios e a derivar á Cámara as funcións de aprobación dos proxectos estratéxicos cos que Galiza aínda estea en condicións de poder competir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 22

Plan de rescate de sectores industriais estratéxicos

O Parlamento de Galiza insta a Xunta a tomar a iniciativa para rescatar aqueles sectores industriais de carácter estratéxico do noso país que actualmente están en crise, e nomeadamente a industria do aluminio e o sector naval a través:

- Do rescate das fábricas de ALCOA na Galiza nunha actuación conxunta co Goberno español.
- Do rescate do sector naval privado a través da entrada no capital do estaleiro Barreras.
- Da recuperación da construción naval civil e da diversificación industrial nos centros produtivos de Navantia na Galiza a través da entrada no Consello de administración de Navantia, tal como recolle o Estatuto de autonomía de Galiza e a Lei de fomento do sector naval de Galiza:-





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 23

Plan para o fomento da actividade tecnolóxica e industrial horizonte 2030

O Parlamento de Galiza insta a Xunta a impulsar un Plan de Fomento da actividade tecnolóxica e industrial co obxectivo de elevar a participación da sector industrial no PIB de Galiza até o 25% no horizonte 2030. O Plan consistirá nun conxunto de políticas públicas coordinadas para a promoción dun tecido industrial orientado á creación de valor engadido e emprego de calidade no longo prazo, e contará con unha programación orzamentaria plurianual de varios departamentos, dirixida a financiar o desenvolvemento, transformación e innovación dos diferentes sectores estratéxicos da economía galega: automoción, naval, aeroespacial, robótica, téxtil, químico-farmacéutico, forestal, agro-industria, mar-industria, etc





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 24

Estratexia galega de emprego 2025

O Parlamento insta a Xunta a impulsar a Estratexia de emprego 2025 para a creación, nos próximos catro anos, de 50.000 postos de traballo vencellados ao sector público, a sectores económicos estratéxicos e a sectores emerxentes, priorizando o emprego estábel e de calidade, a inserción sociolaboral da mocidade e das mulleres, a reversión do devalo demográfico e a reorientación e transformación da economía galega. Na Estratexia de emprego 2025 terán prioridade: a creación de emprego nos servizos públicos esenciais: sanidade, educación e coidados; novos perfís profesionais para a modernización e relevo xeracional nas administracións públicas, a captación e retorno de talento no eido do coñecemento e da transferencia de tecnoloxía; a remuda xeracional e transformación do sector primario; a dixitalización inclusiva; a atracción de perfís profesionais relacionados co ámbito tecnolóxico, cultural, de servizos, a intelixencia artificial, a robotización facendo especial fincapé na incorporación das mulleres a estes sectores; o fomento de plans de formación e emprego en profesións con alta demanda cualificada e relacionados cunha orientación social e ambiental da actividade económica e a formación no sector do transporte e a loxística.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 25

Para avanzar cara unha nova realidade laboral galega, máis xusta e igualitaria

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a afrontar os problemas estruturais que sofre o mercado laboral galego e a pular pola recuperación dos dereitos laborais e sociais que sufriron un grave retroceso desde o ano 2010. Para tal fin, defenderá diante do Goberno español:

- A derogación das reformas laborais e das pensións, operadas dende o 2010.
- O recoñecemento do dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos, establecendo o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de dez anos da súa vida laboral, fixando o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio (que se actualizará anualmente en base ao IPC), e eliminando as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.
- A aprobación e aplicación de forma inmediata do incremento do salario mínimo interprofesional ata acadar o 60% do salario medio que pasará a ser a única referencia de indicador público para os efectos de fixar a contía de calquera tipo de prestación social pública.
- A habilitar instrumentos para ter capacidade de actuación: O Marco Galego de Relacións Laborais esixe que os convenios sectoriais provinciais, autonómicos ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

doutro nivel superior ao de empresa, teñan prevalencia non só sobre o convenio de empresa, senón tamén sobre os estatais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 26

Proposta sobre a redución da temporalidade no traballo na Administración Pública galega

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, previo consenso coas organizacións sindicais e tras a elaboración dun informe detallado sobre a situación da temporalidade na Xunta de Galiza e as circunstancias das traballadoras en situación de fraude de lei por abuso da temporalidade, se adopten e promovan as medidas precisas para a redución da precariedade no emprego público e a protección dos lexítimos dereitos das persoas obxecto de abuso, reclamando a eliminación da taxa de reposición, o establecemento de indemnizacións disuasorias na contratación temporal ou a existencia de responsabilidades aos órganos e ás súas titulares por incumprimentos da normativa reguladora da temporalidade nas administracións públicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 27

Por unha Galiza mellor conectada interna e internacionalmente por vía marítima, aérea e terrestre

O Parlamento insta a Xunta a desenvolver a Estratexia de conexión interior e exterior de Galiza, por vía terrestre, marítima e aérea coas seguintes liñas de actuación

- Coordinación das infraestruturas e servizos portuarios e aeroportuarios, procurando a xestión integral desde Galiza e fomentando a súa especialización, complementariedade e competitividade internacional.

- Modernización e mellora da rede ferroviaria para persoas e mercadorías, incluíndo a conexión por tren dos portos, plataformas loxísticas e grandes parques empresariais. Recuperación dos servizos de trens suprimidos e potenciación do ferrocarril de proximidade.

- A demanda da condonación da débeda contraída pola Autoridade Portuaria da Coruña con Portos do Estado, e o impulso dun organismo público, coa participación das distintas administracións e entes implicados, para acometer a transformación dos terreos do porto interior, mantendo sempre a titularidade pública dos mesmos.

- Mellora da rede viaria de estradas e autoestradas, priorizando a seguridade viaria e o desvío de tráfico de paso por vías de alta capacidade e circunvalacións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 28

Por un sector agrogandeiro sostible e con futuro

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Recuperar para o uso agrogandeiro as máis de 50.000 Has plantadas ilegalmente a eucalipto e piñeiro e ademais mobilizar e poñer a disposición de agricultores e gandeiros, neste ano, outras 50.000 Has de terra agrícola abandonada ou infrutilizada para aumentar así a base territorial das súas explotacións e diminuír a dependencia de insumos esóxenos e para a incorporación de mocidade emprendedora que reactive a economía rural.

- Apoiar de xeito prioritario as pequenas e medianas explotacións familiares agrogandeiras como figuras acordes coas características do noso territorio e alicerces da necesaria recuperación da vida rural revertendo a tendencia á intensificación das explotacións e o abandono do territorio.

- Tomar as medidas necesarias para o establecemento dun Grupo Lácteo Galego que permita o aproveitamento do valor engadido e o fortalecemento do sector.

- Rematar os procesos de reestruturación da propiedade, promesa incumplida da pasada Lexislatura e que deixa o 70% dos procesos comezados naquela altura pendentes aínda de remate.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Impulsar a agricultura ecolóxica, incluíndo a actualización e mellora do plano estratéxico da mesma.
- Revitalizar a investigación pública (Agacal) ao servizo dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, recuperando e dotando de persoal investigador as prazas perdidas neste último decenio de desmantelamento do público.
- Recuperación das Oficinas Agrarias Comarcais coma medios de conexión coa investigación e transferencia de coñecementos e estratexias na economía e no emprendemento rural.
- Instrumentar novas estratexias de comercialización, especialmente no que se refire ós mercados de proximidade.
- Establecer medidas dirixidas a prestixiar socialmente a actividade agrogandeira.
- Desenvolver medidas que permitan avanzar na superación dos roles de xénero que sitúan as tarefas de coidado como un traballo feminino dificultando que as mulleres do rural podan desenvolver unha vida persoal e profesional satisfactoria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 29

Por un monte biodiverso, resiliente e fonte de riqueza

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a redefinir a súa política forestal para deixar de ser refén dos intereses privados das grandes empresas do sector, afrontando a ordenación dun monte en mosaico, biodiverso e multifuncional, non destinado en exclusiva á produción de madeira de baixa calidade senón garante de desenvolvemento económico e fixación de poboación como principal garantía de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Para atinxir este obxectivo o Goberno galego procederá á derogación da Primeira Revisión do Plan Forestal e á elaboración dun novo participado, transparente e multisectorial que contemplará, entre outras cuestións, un modelo de monte de futuro coa elaboración dun Plan de Promoción das Madeiras Nobres Galegas que promova de xeito activo este tipo de plantacións e garanta a segunda transformación dentro de Galiza; o incremento da dotación orzamentaria para a investigación, xestión e loita contra as pragas que máis ameazan o desenvolvemento efectivo e con garantías do sector forestal e a elaboración dunha nova Lei de Montes en Man Común que fixe como prioridade a salvagarda desta forma colectiva de propiedade do monte.

Asemade, o Parlamento acorda instar a Xunta a realizar unha reformulación do PLADIGA priorizando a prevención fronte ao gasto en extinción de lumes, recuperando





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o mando único na loita contra os incendios forestais, rebaixando de xeito drástico a alta temporalidade dentro do SPDIF, avanzando no proceso para recuperar a xestión pública de todos os medios de prevención e loita contra os incendios e reformando o sistema de limpeza das franxas primarias e secundarias de biomasa para garantir que a súa realización estea rematada antes da tempada de alto risco de incendios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 30

Sobre novos emprazamentos para un complexo industrial de transformación de produtos derivados da madeira

O Parlamento acorda instar o Goberno galego a encargar un estudo ao sistema galego de coñecemento (universidades e centros tecnolóxicos) sobre os posíbeis emprazamentos para un complexo industrial de transformación de produtos derivados da madeira que inclúa: unha planta de fabricación de celulosa, unha planta de fabricación de papel, e plantas de transformación da madeira en bioproductos e biomateriais de alto valor. Neste estudo avaliaranse diferentes opcións e alternativas, a súa viabilidade e o seu custo, as vías de financiamento, así como a posibilidade de que este complexo industrial se ubique nun único polo tecnolóxico-industrial ou en diferentes emprazamentos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 31

Capacidade para xestionar o noso mar e para a conservación e mellora da xestión dos recursos pesqueiros galegos

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a definir un espazo galego de libre decisión en materia marítima e pesqueira, xestionando as nosas competencias en augas interiores. Nesta dirección levará a cabo as seguintes actuacións:

- Dará cumprimento ao acordo do Pleno do Parlamento galego do 10 de febreiro de 2021.-

- Elaborará de maneira urxente un Plano Estratéxico para a recuperación do marisqueo que, cando menos, contemple: o control estrito de vertidos aos ríos e ao medio mariño, o progresivo saneamento das rías e a recuperación e posta en explotación dos bancos marisqueiros actualmente improdutivos, a promoción de hatcherys públicas ou mixtas para surtido de semente propia, a ampliación das reservas marítimas de interese pesqueiro e a recuperación das existentes e o potenciamento do INTECMAR, ampliando a realización de analíticas aos fins de semana e días festivos.

- Esixirá con firmeza das administración e organismos supraautonómicos o cumprimento do establecido na PPC respecto dos aspectos sociais e económicos a ter en conta nos sucesivos acordos de repartos pesqueiros, a modificación da PPC en relación á definición de pesca artesanal, así como a exclusión das capturas accidentais do sistema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de TACs e cotas e a exención da obriga de desembarque de capturas, o desistimento das medidas recollidas no Regulamento de Control da Pesca referidas á frota de menos de 12 metros de eslora e o rexeitamento de medidas encamiñadas, tanto dende o Estado como da UE e a OMC, á eliminación das exencións fiscais aos combustíbeis pesqueiros.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 32

Reprobar os abusos bancarios e o papel cómplice da Xunta de Galiza

Ante as graves consecuencias sociais e económicas derivadas da nova reconversión que as entidades financeiras están a levar a cabo e que agravan as consecuencias preexistentes dunha reestruturación bancaria lesiva para os intereses galegos, o Parlamento galego acorda por resolución manifestar a súa reprobación das entidades bancarias que están a destruír emprego e servizos no país e da Xunta de Galiza por financiar con recursos orzamentarios estas prácticas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 33

Anulación das prórrogas ilegais da AP-9

O Parlamento insta a Xunta a demandar do goberno do Estado que atenda o requirimento da Comisión Europea e proceda á anulación das prórrogas da AP9 concedidas de maneira ilegal, así como a estudar os mecanismos para a devolución das peaxes cobradas ilegalmente.

Asemade, o Parlamento acorda reprobar os gobernos que aprobaron as prórrogas da AP9 que a Comisión Europea considera ilegais, e esixir as responsabilidades a que houber lugar por parte da administración xeral do Estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 34

Desenvolvemento Corpo de Policía Galega

O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, en cumprimento do establecido na Lei 8/2007 de 13 de xuño e consonte as previsións da referida norma, proceda ao desenvolvemento do Corpo de Policía Galego, a fin de que en dous anos poda realizar a práctica totalidade funcións de seguridade e protección dos dereitos e liberdades das persoas que actualmente realizan o CNP e a Garda Civil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 35

En defensa da unidade e integridade do sitio histórico de Meirás e do seu uso central como espazo da memoria histórica democrática e antifascista

O Parlamento acorda instar a Xunta a iniciar de maneira urxente o procedemento de modificación e ampliación do Ben de Interese Cultural Torres de Meirás aprobado no Decreto 299/2008, incluíndo como anexo a relación de todos os bens mobles e inmobles situados no interior e no exterior que forman parte integrante do sitio histórico e son necesarios para contar a historia do mesmo. Asemade o Goberno galego defenderá en todas as instancias, en coordinación coa administración xeral do Estado, a titularidade pública, integridade e unidade dos bens mobles e inmobles integrantes do sitio histórico de Meirás, así como o uso prioritario como espazo da memoria histórica democrática, da loita antifascista e da defensa dos dereitos humanos e das liberdades públicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 36

Galiza célula de universalidade

O Parlamento insta a Xunta a impulsar unha nova axenda internacional e de proxección exterior de Galiza asentada nas seguintes bases: participación directa nos organismos internacionais nos que se toman decisións que nos afectan, desenvolvemento da marca país, establecemento de delegacións permanentes en Madrid, Lisboa e Bruxelas, estratexia de internacionalización da economía galega, impulso das seleccións deportivas nacionais e da súa participación en competicións internacionais, creación do Instituto Rosalía de Castro para a proxección exterior da lingua e a cultura galegas, e participación en alianzas a favor da diversidade cultural e lingüística, dos dereitos humanos e do dereito dos pobos á soberanía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 37

Por unha democracia de calidade

O Parlamento insta a Xunta da Galiza a impulsar un proceso amplo e transversal de rexeneración democrática que sitúe o noso país nos máis altos estándares internacionais e free as interferencias e inxerencionismos dos poderes económicos nas decisións políticas a través do desenvolvemento dunha normativa clara e audaz que poña fin ás portas xiratorias; a acometer unha reforma fiscal que persiga de maneira decidida e real a fraude fiscal; a promover a participación da cidadanía na toma de decisións a través do impulso de referendums populares sobre asuntos de relevancia social e a chegar a grandes acordos institucionais, tamén no Parlamento, sobre os proxectos, plans e estratexias xerais e sectoriais que sobarden os límites da lexislatura. Así mesmo, a Cámara expresa o seu apoio ao persoal da CRTVG na demanda duns medios públicos independentes e libres de manipulación como elemento central dun sistema democrático de calidade. Neste senso, o Parlamento acorda por resolución impulsar unha ponencia para abordar a reforma da Lei 9/2011 e renovar a Dirección Xeral da Corporación a través dun concurso público e de méritos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 38

Por unha nova cultura da auga co impulso da Estratexia da Auga 2030

O Parlamento acorda instar ao goberno da Xunta a que retire o Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga e a elaborar previamente unha planificación xeral da xestión do ciclo da auga adaptada á realidade galega e aos principios da nova cultura da auga. Para este proceso de planificación, abrirase un marco de negociación con todas as entidades e axentes implicadas na xestión deste ámbito, e impulsárase a aprobación do Pacto Local da Auga.

Ademais, o Parlamento insta ao goberno a desenvolver a Estratexia Galega da Auga 2030 con liñas de actuación dirixidas a protexer os recursos hídricos e os humidais, mellorar e modernizar o abastecemento, racionalizar as redes de saneamento e depuración, e incrementar sensibelmente os niveis de aforro, eficiencia e reutilización dos recursos hídricos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 39

Cara unha dixitalización inclusiva

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a desenvolver un proceso de dixitalización de todos os sectores do noso país, acabando co atraso no eido da conectividade e novas tecnoloxías de Galiza. Para tal efecto, e con carácter prioritario, o Goberno galego promoverá o despregamento total da banda larga na totalidade do país prestando especial atención aos núcleos rurais así como impulsará a creación do Consorcio Galego para a Capacitación e as Competencias Dixitais no que participarían a Xunta de Galiza, as Administracións Locais e as Universidades no que se pularía pola transformación dixital de administracións, ensino e empresas e no que se desenvolvería unha intensa campaña de capacitación dixital e loita contra o denominado analfabetismo dixital.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposta de resolución**, para que sexa tratada polo Pleno da Cámara na sesión dedicada ao “**Debate anual sobre política xeral**”:

Proposta de resolución nº 40

Polo impulso da economía social e do comercio galego de proximidade

O Parlamento acorda como resolución instar ao Goberno galego a desenvolver un plan estratéxico de desenvolvemento e modernización da economía social, tanto no ámbito sectorial como no territorial, prestando especial atención ao cooperativismo financeiro, aos sectores produtivos estratéxicos, aos servizos sociais e á cultura; a impulsar un plan de financiamento, fortalecemento e modernización das PEMES, incluíndo o acceso a fondos europeos extraordinarios; e a promover a elaboración participativa dunha nova lei do comercio galego que regule, entre outras cuestións, os días e horarios de apertura, os períodos de rebaixas, as promocións e descontos no sector, o fomento e modernización do comercio de proximidade, así como a limitación da implantación de grandes superficies comerciais

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@Parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2021 10:23:54



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e de acordo coas previsións establecidas pola Mesa do Parlamento de Galicia, para o debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao abeiro do disposto no regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **propostas de resolución:**



Resolución nº 1. Pacto pola industria

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acadar un pacto pola industria con vocación de estabilidade, permanencia, certeza e compromiso orzamentario, coa participación da Administración local, os axentes sociais e os grupos parlamentarios, co obxectivo de reactivar a economía e modernizar o modelo produtivo cara á transición ecolóxica e a transformación dixital aproveitando as oportunidades que xorden cos fondos europeos de reactivación, afrontando con medidas específicas a crise das comarcas de Ferrolterra, Eume, Ortegal e a Mariña lucense, o proceso de transición xusta no entorno das Pontes e Meirama, a crise do naval e a procura dunha radicación axeitada para Ence en Galicia.



Resolución nº 2. Igape

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reformar e reforzar o Igape para convertelo nun verdadeiro instrumento de promoción económica e política industrial, co obxectivo de conseguir que a formación de capital sexa na comunidade cando menos o 60 % do excedente bruto de explotación, impulsando o Marco Estratéxico Galicia – Pemes 2030 e habilitando novos instrumentos de apoio financeiro e técnico que apoiem a competitividade das pemes galegas e a focalización das axudas nos sectores estratéxicos de Galicia, así como os procesos de transición ecolóxica e dixital.



Resolución nº 3. Medio rural

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar un plan de dinamización do noso medio rural, que inclúa a posta en marcha da Lei de recuperación de terras para levar a cabo un aumento da base territorial das nosas explotacións; o establecemento de medidas para o control do cumprimento da Lei da cadea alimentaria e de axudas e incentivos para evitar que as explotacións do sector primario produzan por debaixo dos custes de produción; o impulso dun novo modelo forestal que garanta unha verdadeira política forestal sostible diversificando as especies, ciclos e do noso monte; o deseño dun mapa de servizos no rural para garantir o acceso aos servizos públicos básicos.



Resolución nº 4. Emerxencia climática

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a declarar Galicia en “Situación de Emerxencia Climática”, adoptando medidas concretas, con asignacións orzamentarias anuais concretas, para mitigar e adaptarnos aos efectos da crise climática, incluíndo o establecemento dun plan autonómico de descarbonización nesta lexislatura, co horizonte de acadar unha economía neutra en carbono no ano 2035, así como a aprobación dun plan de fomento das enerxías renovables, mellora da eficiencia e autoconsumo enerxético no sector público de Galicia, nas empresas e vivendas.



Resolución nº 5. Estratexia renaturalización

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar unha estratexia de renaturalización de Galicia co horizonte do ano 2030 que, en colaboración coas restantes administracións, aproveite os fondos asociados ao Pacto Verde europeo e aos obxectivos nacionais e europeos de transición ecolóxica, incluíndo, entre outros obxectivos a rexeneración e saneamento das rías e ríos de Galicia; a conservación do bosque autóctono galego e a diversificación dos usos do monte, atendendo á súa dimensión medioambiental, recreativa e cultural; a renaturalización das contornas urbanas nos que vive máis da metade da poboación de Galicia; a ampliación e protección real da Rede Natura 2000 e a implantación dun novo modelo de residuos acorde coas orientacións e obxectivos europeos que supere o modelo Sogama.



Resolución nº 6. Fondos Next Generation

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a constituír un relatorio do que formen parte os grupos parlamentarios, os axentes sociais, as universidades galegas e a Fegamp, para acordar os proxectos prioritarios que con financiación dos Fondos *Next Generation UE* poidan impulsar a reactivación e transformación da economía de Galicia.



Resolución nº 7. Enerxía

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reformular o modelo eólico de Galicia, dentro do marco estatal e buscando o máximo consenso posible, para minimizar o seu impacto social e ambiental e maximizar a repercusión económica no noso territorio, garantindo a instalación de potencia eólica suficiente para levar a cabo a transición enerxética e a descarbonización da economía, dotando de estabilidade a industria asociada á fabricación de compoñentes eólicos, e adaptando o modelo ás directivas europeas de comunidades enerxéticas.



Resolución nº 8. Transparencia e corrupción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar un verdadeiro control de xestión da Administración pública galega, que mellore a calidade do noso goberno e a efectividade no uso dos recursos públicos, así como a elaborar e impulsar un plan de transparencia, cumprimento normativo e prevención da corrupción na Administración autonómica galega que tome en consideración as recomendacións do Consello de Contas e inclúa o desenvolvemento da normativa necesaria para protexer as persoas denunciante de prácticas de corrupción, para regular a actuación dos “grupos de presión” ante a Xunta de Galicia e para garantir que todas e cada unha das persoas empregadas da Administración pública galega sexan seleccionados en base aos principios de igualdade, mérito e capacidade.



Resolución nº 9. Pesca

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aproveitar ao máximo os fondos europeos, levando a cabo tódalas accións precisas para garantir a máxima execución posible do FEMP (2020-2021), así como do novo FEMPA (2021-2027), fomentando a remuda xeracional neste sector e priorizando axeitadamente os proxectos que aspiren aos fondos europeos de reactivación, afrontando tamén dun xeito decidido a rexeneración e saneamento das nosas rías, dado o alarmante descenso do número de PERMEX dos últimos anos.





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz se realice a seguinte **corrección de erros na proposta de resolución núm. 9** presentadas ao debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, **doc. núm. 23657.**

Proposta núm. 9

Onde di: “...FEMP (2020-2021)...”, debe dicir: FEMP: “... (2014-2020)...”

Pazo do Parlamento, 14 de Outubro de 2021

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 12:25:52



Resolución nº 10. CRTVG

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver e cumprir de inmediato a totalidade dos aspectos e instrumentos previstos na Lei 9/2011 do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, de xeito especial a aprobación do estatuto profesional e posta en marcha do consello de informativos.



Resolución nº 11. Autogoberno

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións necesarias para avanzar na asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma, tomando como referencia o Informe realizado polo Goberno galego para a Comisión Mixta de transferencias de data 3 de novembro de 2005.



Resolución nº 12. Empleo

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a establecer unha estratexia de loita contra o desemprego, que dea resposta ás necesidades actuais das persoas demandantes de emprego que sexa froito do diálogo social e que inclúa:

- Un programa de reforzo do Servicio Público de Emprego de Galicia.
- O establecemento de pactos de estabilidade como instrumento de avance e loita contra a precariedade.
- Un plan de loita contra o desemprego que dea prioridade aos colectivos máis afectados por esta crise.



Resolución nº 13. Mocidade

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia á elaboración dun Plan de Mocidade 2022-2024, que reflicta o compromiso do goberno galego coa mocidade, e que supoña un marco para o desenvolvemento de políticas xuvenís, co fin de garantir á nosa xente nova unha vida saudable, emancipada e autónoma incluíndo medidas en materia de educación, emprego, vivenda e saúde e benestar.



Resolución nº 14. I+D+i

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar a porcentaxe de investimento en I+D+i ata o 1,5% do PIB galego nos vindeiros dous orzamentos, creando as condicións necesarias para incentivar a participación privada en I+D+i de xeito que se acade, na Comunidade Autónoma de Galicia, o obxectivo conxunto do 3% do PIB; reducir as cargas burocráticas que lastran a realización de proxectos de investigación e incrementar o número de contratos predoutorais e posdoutorais, co fin de dotar de estabilidade a carreira investigadora.



Resolución nº 15. LGTBI

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver e dar cumprimento á Lei 2/2014, do 14 de abril, especialmente, no relativo á posta en marcha de campañas de sensibilización, información e formación, nos distintos sectores sociais, sobre a realidade das persoas LGTBI e ao establecemento dun plan formativo no ámbito da educación.



Resolución nº 16. Sector público galego

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver un plan de Modernización do sector público galego que contemple medidas dirixidas á renovación e transformación cara a unha administración dixital, mellorando as prácticas de transparencia e bo goberno, na acción do goberno e na actividade da Administración, tanto a nivel institucional como económico, aumentando a participación cidadá.



Resolución nº 17. Oferta educativa e modelo de comedores escolares

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a crear as condicións precisas para redefinir de forma consensuada coa comunidade educativa a actual rede de centros, de xeito que:

- Se inclúa a oferta educativa, de xeito que se garantan de forma efectiva a igualdade de oportunidades de toda a poboación da nosa Comunidade Autónoma.
- Se supere o modelo actual de comedores escolares, de xeito que se acade unha cobertura suficiente para dar resposta á demanda existente e cos parámetros de calidade axeitados.



Resolución nº 18. Pacto pola estabilidade en educación

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a establecer un pacto pola estabilidade orzamentaria en educación co deseño dun plan que permita contar con recursos económicos suficientes, con independencia de factores conxunturais, incluíndo de forma específica un plan de recuperación do profesorado que reverta os recortes experimentados a partir do ano 2009, así como a recuperación dos programas de gratuidade de libros de texto.



Resolución nº 19. Loita contra o abandono do medio rural

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a promover a creación dunha Axencia Pública para o equilibrio territorial e a loita contra ao abandono do medio rural, de carácter independente e profesional, seguindo o modelo escocés da “*Highlands and Islands Enterprise*”, que coa participación e apoio das Administracións públicas, teña como obxecto a planificación, programación e execución de actuacións públicas que garantan a prestación dos servizos básicos no conxunto do territorio, promovan a creación de emprego e a creación de tecido empresarial, especialmente nas comarcas galegas en grave risco de despoboamento.



Resolución nº 20. Saúde mental

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dar cumprimento efectivo ao acordo do Pleno do Parlamento de Galicia do 23 de marzo de 2021, promovido polo grupo socialista e aprobado por unanimidade, e ampliar os obxectivos do acordado a:

- Axilizar os medios e recursos necesarios para o obxectivo de crear unha unidade de hospitalización infanto – xuvenil en cada área sanitaria de Galicia antes do fin desta lexislatura.
- Promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria e coa maior rapidez posible, cos medios humanos e materiais axeitados.
- Desenvolver de maneira efectiva o Plan Galego contra o Suicidio, tomando como referencia as experiencias profesionais de contrastada efectividade, dotando de recursos materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento dunha planificación a longo prazo guiada polos profesionais de saúde mental do sistema público de saúde de Galicia.



Resolución nº 21. Plan galego extraordinario de RRHH no ámbito sanitario

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a deseñar, en colaboración coas organizacións profesionais e sindicais de Galicia vinculadas ao eido sanitario, un Plan Extraordinario de RRHH e Estabilidade a desenvolver antes do primeiro semestre de 2022 que contemple, como mínimo, as seguintes medidas:

- Compromiso de esgotamento nas convocatorias públicas do máximo permitido pola taxa de reposición, este ano elevada polo actual goberno de España ata o 120%, e convocar, co horizonte do fin de 2024, un volume igual ou superior ás 5000 novas prazas no global do sistema público de saúde de Galicia, priorizando nas convocatorias as prazas das especialidades deficitarias e de maior necesidade do sistema.
- Procura da contratación, no caso do persoal eventual que cubre substitucións ou baixas, polo tempo completo previsto da necesidade que provoca a contratación, evitando a innecesaria e precarizadora concatenación de contratos de maneira continuada.



Resolución nº 22. Reforzo da atención primaria

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a activar de maneira decidida un novo modelo asistencial en atención primaria, baseado en:

- Incorporación progresiva ao sistema de atención primaria dun maior número de profesionais de especialidades a maiores do eixo médico/a – enfermeiro/a, así como de profesionais para a administración e xestión que poidan desafogar de tarefas burocráticas e de administración aos profesionais sanitarios ou incorporar a figura de triaxe nos centros de saúde que así o permitan polo seu volume asistencial.
- Ampliación da posibilidade de solicitude directa de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria para facilitar a capacidade resolutive.
- Ofrecer un contrato de, como mínimo, tres anos de duración e ámbito xeográfico localizado a todos os especialistas en formación no eido de atención primaria para que se manteñan vinculados ao sistema unha vez que terminen a súa etapa formativa.



Resolución nº 23. Adaptación sanitaria ao contexto post-pandemia

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a potenciar o valor, presenza e actividade do sistema de saúde pública, para dotalo de maior fortaleza ante posibles necesidades futuras, priorizando como accións as seguintes:

- Crear a Axencia de Saúde Pública de Galicia, dependente do SERGAS, dotándoa dos medios axeitados e con funcións de análise, investigación e apoio nas actuacións referidas a cuestións relativas á saúde pública, así como de promoción e difusión de hábitos saudables e boas prácticas en saúde comunitaria.
- Garantir a adquisición, mantemento e constante renovación dun stock de material hixiénico e de equipos de protección para afrontar posibles problemas de saúde pública con recursos propios evitando os posibles problemas de abastecemento iniciais.



Resolución nº 24. Equilibrio territorial

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a aprobar mediante Lei un Plan de equilibrio territorial, como un documento contrastable e avaliable das actuacións a levar a cabo polo Goberno galego neste eido, e no que, entre outras cuestións, promova un Fondo de Cohesión Demográfica a distribuír entre os concellos en risco de despoboamento con criterios obxectivos.



Resolución nº 25. Cooperación local

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a fortalecer a Comisión Galega de Cooperación Local como órgano permanente de colaboración para a coordinación entre a Administración autonómica e as entidades locais galegas, co fin de:

- Iniciar de xeito inmediato a aprobación dun proxecto de lei de financiamento local acordado coa Fegamp, no que se recolla a clarificación das funcións e competencias municipais e o seu debido financiamento.
- Promover a posta en marcha das áreas metropolitanas de Vigo e da Coruña, impulsando a posible constitución de consorcios ou órganos de transporte conxunto naquelas áreas que así o decidan, sen que o seu funcionamento se deba supeditar necesariamente a directrices ou plans exclusivamente autonómicos.



Resolución nº 26. Comercio

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a desenvolver un plan de reactivación do pequeno e mediano comercio que supere o realizado ata este momento, dotado de maior orzamento, que inclúa un plan de reapertura dos pequenos negocios que tiveron que pechar por mor da pandemia para poder reactivar o pequeno e mediano comercio de xeito que se faga fronte ás previsións da Federación Galega de Comercio que estima que entre o 20% e o 25% dos negocios poderían pechar ao longo deste 2021, especialmente, cando teñan que devolver as axudas concedidas.

Así mesmo, debe impulsarse un Plan de Adaptación Dixital para o pequeno comercio, co obxectivo de mellorar a súa competitividade e manter o seu emprego.



Resolución nº 27. Hostalaría e turismo

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a desenvolver políticas públicas efectivas de apoio aos sectores turístico e da hostalaría nos que, como mínimo, se contemplen as seguintes actuacións:

- A elaboración dun plan de reactivación para a hostalaría a medio e longo prazo onde se recolla un plan de indemnización para os locais que tiveron que pechar durante esta pandemia da COVID-19.
- Abrir un proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no actual mapa actual de xeodestinos.
- Elaborar un programa autonómico de termalismo social, onde se desenvolvan programas socio-terapéuticos en todas as provincias da nosa comunidade autónoma e para todos os grupos de idades.



Resolución nº 28. Cultura

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a realizar, no primeiro trimestre de 2022, unha avaliación do grao de cumprimento da Estratexia da Cultura Galega 21 (ECG21) a partir da cal se comece o proceso de elaboración dun Plan Estratéxico para a Cultura Galega que, co horizonte en 2026, contemple accións a curto, medio e longo prazo coa fin de afianzar o sector da industria cultural de Galicia pero que poña tamén especial atención na promoción da cultura de base. Este plan estratéxico deberá comezar cunha diagnose do Consello da Cultura Galega e dos distintos axentes culturais de Galicia, que participarán en todo o proceso ata a elaboración do documento final.

Así mesmo, elaborar, conxuntamente cos organismos e entidades expertas na materia, un plan autonómico patrimonial de Galicia que sente as bases dunha nova política de xestión do patrimonio, con especial atención á educación patrimonial e á participación da cidadanía.



Resolución nº 29. Infraestruturas

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións decididas de cara á mellora das infraestruturas viarias autonómicas, para o que fixará un cronograma con compromisos orzamentarios e prazos realistas tal que se recuperen, co horizonte do ano 2024, cando menos as previsións que contiña o denominado e incumplido Plan *MOVE* e que se plasmará, de acordo coa normativa vixente e previa presentación na Cámara galega no próximo semestre, no Plan Director de Estradas de Galicia.

Así mesmo o goberno galego ampliará as bonificacións nas peaxes das autoestradas autonómicas, nomeadamente na AG-55 e AG57, equiparándoas as que aplica o Goberno do Estado na AP9.



Resolución nº 30. Universidade

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a incrementar a porcentaxe de financiamento estrutural fixada no Plan Galego de Financiamento Universitario, logo dunha revisión pormenorizada dos criterios de cálculo, que permita ás universidades públicas galegas manter un financiamento estable que asegure as súas estruturas e que non estean tan condicionados a resultados ou obxectivos. Este novo financiamento incluírá as previsións necesarias para a gratuidade da primeira matrícula.

Así mesmo, incrementar o orzamento do capítulo dedicado á investigación universitaria en todos os seus programas, fortalecendo e/ou mellorando os existentes e lanzando novas iniciativas que aseguren o mantemento de estruturas e do capital humano investigador. Parello a isto, desenvolver no primeiro semestre de 2022 a carreira investigadora nas universidades e centros de investigación e a regularización das fórmulas de dedicación á actividade investigadora.



Resolución nº 31. Vivenda

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a impulsar novos obxectivos na política de vivenda, comprometéndose a incrementar o orzamento dedicado á consolidación dun parque de vivenda pública, mediante a promoción de vivendas novas ou rehabilitadas, que responda ás demandas do Rexistro de Demandantes de Vivenda e co obxectivo de duplicar o parque de vivenda actual a cinco anos vista, tal e como foi aprobado na Cámara galega no ano 2018, ao tempo que atenda as demandas de axudas de vivenda en aluguer para colectivos vulnerables que contempla o Plan Estatal de Vivenda, complementándoas con fondos propios e programas propios no caso de ser preciso, e garantindo unhas condicións das bases igualitarias para os galegos e galegas fronte a outras comunidades autónomas.

Así mesmo, elaborar, no ámbito das súas competencias e en coordinación co goberno do Estado un Plan Galego para a Rehabilitación de Vivendas, con especial atención ós cascos históricos, tendo como obxectivos a rehabilitación de vivenda para a eficiencia enerxética e a accesibilidade, así como actuacións de rexeneración e renovación urbana e rural.



Resolución nº 32. Loita contra a violencia machista

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a elaborar un Plan galego integral de loita contra a explotación sexual e a trata que, en colaboración coas entidades que traballan neste campo e con orzamento propio, inclúa accións de asistencia e protección ás vítimas; de educación e formación; de inserción laboral; de sensibilización, prevención e investigación; de coordinación e cooperación.



Resolución nº 33. Empoderamento da muller no ámbito económico e rural

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a impulsar, en colaboración coas asociacións de mulleres do rural, a elaboración en 2022 do Estatuto da Muller Rural Galega e dun Plan Estratéxico para a Muller Rural de Galicia que contribúan á promoción integral das mulleres, á súa plena participación social e á igualdade de oportunidades real. Este plan, que deba partir dun estudo rigoroso da situación socioeconómica das mulleres do rural galego, deberá contemplar, ao menos, accións dirixidas a promover o acceso das mulleres á formación e ao emprego, así como o desenvolvemento da súa actividade emprendedora no medio rural.



Resolución nº 34. Memoria histórica

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a adoptar con carácter urxente as medidas necesarias, coa dotación orzamentaria pertinente, para cumprir a Lei 52/2007, do 26 decembro, de Memoria Histórica, pola que se recoñece e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, rexeitando as formulacións políticas contrarias a dita lei, e en particular a facilitar a busca, localización, recuperación e identificación das vítimas da guerra civil e a ditadura, apoiar ás asociacións da memoria histórica, apoiar a retirada dos símbolos e monumentos que honren a memoria dos vencedores ou conmemoren a sublevación militar, a guerra civil ou a ditadura.



Resolución nº 35. Risco de exclusión e pobreza infantil

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a desenvolver unha estratexia galega de loita contra o risco de exclusión e pobreza infantil que inclúa, como mínimo, as seguinte medidas:

- Levar a cabo as modificacións precisas na lexislación en materia de inclusión para garantir a complementariedade das rendas de inclusión que permitan incrementar os ingresos de ditas familias.
- Garantir que os nenos e nenas poidan estudar axeitadamente e en igualdade de condicións, con medidas como a gratuidade para os comedores en todas as escolas infantís a cargo da Administración autonómica para familias con ingresos inferiores ao SMI.
- Garantir a universalización escola infantil 0 a 3 anos, incrementando e complementando de maneira significativa as rendas de inclusión, co fin de facilitar a reinserción, fuxindo do modelo asistencial para fomentar a autonomía e funcionalidade das familias e garantir o seu anonimato.
- Elaborar un plan de acceso a vivenda que facilite vivenda digna a todas as familias con menores a cargo, así como a flexibilización dos criterios de accesibilidade a vivendas de protección social, tanto no caso do aluguer coma na compra.



Resolución nº 36. Novo modelo de coidados

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a desenvolver un novo modelo de atención e coidados ós nosos maiores que inclúa ampliar a rede de centros residenciais de carácter público para crear 2.000 novas prazas residenciais públicas e reforzar os equipos de inspección dependentes da Consellería de Política Social para incrementar a supervisión destes centros de maiores, así como retrasar o máximo posible o proceso de institucionalización dos nosos maiores mellorando o coidado domiciliario e coordinando mellor os recursos dispoñibles.



Resolución nº 37. Exclusión e abuso financeiro

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- Realizar e remitir os grupos parlamentarios nun prazo de 60 días un estudo sobre o impacto da concentración bancaria en Galicia no ámbito da competencia e no acceso ao crédito e as restricións de acceso o efectivo por parte dos consumidores galegos e sobre o impacto que as comisións abusivas bancarias teñen sobre os colectivos financeiros máis vulnerables como pensionistas e parados.
- Executar, a través do Instituto Galego de Consumo e Competencia, medidas que garantan o dereito dos consumidores e consumidoras galegas os servizos financeiros de carácter básico, nomeadamente o acceso ó efectivo e á realización de operacións financeiras de uso ordinario.
- Demandar das entidades bancarias con presenza no país o cese inmediato do peche de oficinas bancarias, adoptando medidas que permitan reabrir ou reemplazar aquelas que xa foron pechadas naqueles concellos onde a oficina pechada constitúe a única oficina existente.



Resolución nº 38. Dependencia e discapacidade

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a elaborar unha estratexia galega de atención á dependencia e a discapacidade que inclúa, como mínimo:

- Aumentar os cadros de persoal dos EVD para incrementar o número de resolucións de Grao e PIA no tempo que legalmente establece a Lei de dependencia, tres meses para cada resolución como máximo.
- Acadar solucións mediante diálogo e consenso coas familias de persoas maiores de 21 anos con discapacidade ou dependencia impulsando alternativas de escolarización, prazas en centros especiais, ou facilitando a inserción laboral para persoas con discapacidade, garantindo que se cumpra a normativa de mínimos na contratación de persoas con discapacidade, especialmente no marco da propia Administración.
- Establecer unha axeitada coordinación no ámbito sociosanitario para as persoas con discapacidade ou dependencia.
- Incrementar o gasto en atención á dependencia e discapacidade ata acadar a media estatal.



Resolución nº 39. Xustiza

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a garantir o bo funcionamento da administración de xustiza mediante a modernización, adaptación e mellora das infraestruturas xudiciais, mellorando os equipos tecnolóxicos e incremento do uso das TIC e do expediente dixital.

Así mesmo, garantir o dereito ao acceso á xustiza das persoas en situación de vulnerabilidade económica mediante un maior investimento na partida destinada á xustiza gratuíta ou reducindo o tempo de duración de determinados procedementos, con medidas coma o reforzo de persoal e a ampliación dos equipos de valoración do Imelga.



Resolución nº 40. Promoción e dignificación da lingua galega.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a pór en marcha, de maneira urxente, unha campaña de promoción e dignificación da lingua galega entre a mocidade, especialmente no ámbito urbano, de acordo aos resultados do proxecto de avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO realizado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Así como, realizar as xestións oportunas, e asinar acordos de ser o caso, para que as distintas plataformas de comunicación en liña e de redes sociais inclúan a lingua galega como opción na configuración do idioma.

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2021

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 10:24:58



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e de acordo coas previsións establecidas pola Mesa do Parlamento para o "Debate anual sobre política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da comunidade autónoma de Galicia (doc. núm. 21623, 11/DEBA000001)", presenta as seguintes **Propostas de Resolución**:

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 1

“O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio ao Xacobeo 2021-2022 como evento sen precedentes que suporá o inicio dunha década Xacobeá de grande transcendencia para a recuperación económica e emocional da Galicia postcovid-19 e insta á Xunta de Galicia a seguir promovendo a súa excelencia, mantendo unha atención constante á seguridade dos peregrinos, á sinalización das rutas, á creación de zonas de repouso, á dixitalización e eficiencia enerxética dos establecementos hostaleiros, á súa promoción nacional e internacional e á optimización da experiencia do peregrino mediante actuacións de mellora da accesibilidade e facendo o Camiño máis amigable para as familias e para os ciclistas. Co obxectivo de acadar de maneira íntegra estas metas, ademais de actuar no ámbito das súas competencias, a Xunta de Galicia solicitará do Goberno central unha maior implicación tanto a nivel orzamentario como de planificación entorno ao evento, incidindo na elaboración dun Plan de mellora do Camiño que complete as actuacións autonómicas, na eliminación de puntos negros da ruta que se sitúan na rede de estradas do Estado, na imprescindible dotación do 100% dos seus efectivos á Unidade de Policía Adscrita á comunidade autónoma, na creación dun punto de atención da Policía Nacional para peregrinos no Monte do Gozo, na programación conxunta comprometida no Real Padroado da Cidade de Santiago, na consideración especial a Galicia como destino do Camiño na distribución dos fondos de sustentabilidade do Plan Nacional Xacobeo, na garantía ao peregrino dun nivel equiparable de servizos de acceso a Internet ao longo de todo o percorrido, na realización dun maior esforzo na promoción internacional do Xacobeo e na ampliación das desgravacións fiscais relativas ao evento ata o 31 de decembro de 2023.”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 2

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a presentar as conclusións dos traballos de auditoría de delimitación de competencias entre a administración autonómica e os concellos co fin de contribuír á mellora do sistema de financiamento local, tal e como se acordou na reunión da Comisión Galega de Cooperación Local do 19 de febreiro de 2021”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 3

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que no marco da próxima reunión da Comisión Bilateral de Cooperación demande ao Goberno central a axilización da transferencia de competencias prioritarias para Galicia de conformidade coas previsións contidas na Constitución e o Estatuto, en particular a transferencia da titularidade da AP-9, da xestión do dominio marítimo público terrestre e da xestión do Ingreso Mínimo Vital.”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 4

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central o establecemento dun sistema de cogobernanza real dos fondos europeos que garanta a participación efectiva das comunidades autónomas na xestión dos recursos que reciba das institucións comunitarias, tal e como esixe a Unión Europea.

Neste contexto, debe completar e concretar canto antes o reparto destes fondos de conformidade con criterios transparentes e equitativos que impulsen a cohesión social e territorial, así como axilizar a súa tramitación, contemplando no sistema de información do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia todas as actuacións que se van levar a cabo na comunidade galega tanto por parte da Administración Xeral do Estado como polas corporacións locais.

Tamén debe integrar ás comunidades autónomas na definición e nas decisións que se tomen sobre os proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica (PERTES), moi especialmente naqueles relativos aos sectores de automoción, cadea agroalimentaria, medicina personalizada, aeroespacial e naval, nos que Galicia ten unha posición de liderado.

Así pois, debe reconsiderar a súa posición sobre o proxecto AutoAncora promovido por Stellantis, Ceaga e Ctag para seguir sendo competitiva e un referente en innovación, que debe formar parte do reparto final que realice o Goberno de España dos fondos europeos e, polo tanto, ser un elemento diferencial no PERTE de vehículo eléctrico e conectado”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 5

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do resto das administracións públicas, nomeadamente ao Goberno Central, a sinatura dun Pacto de Estado por Ferrol que dea unha resposta conxunta aos problemas das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, protexendo o emprego e o tecido industrial a través da modernización e mellora competitiva dos sectores tradicionais, así como da diversificación cara a sectores con gran potencial de futuro. Do mesmo xeito, demandar do Goberno galego a creación da delegación territorial da Xunta de Galicia en Ferrol, que contribúa a cumprir os compromisos da súa competencia recollidos en dito Pacto de Estado. Neste sentido, resulta urxente que o Goberno central cree unha Zona Franca en Ferrol”.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 6

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno Central que impulse unha transición ecolóxica e enerxética realmente xusta e ordenada, facilitando unha adaptación progresiva da industria ás tendencias que marcarán a devandita transformación, velando polo mantemento do emprego e garantindo un futuro para a cidadanía dos territorios máis afectados polo cambio de modelo produtivo, como é o caso de Alu Ibérica na Coruña, Ence en Pontevedra ou Endesa en As Pontes.

Neste sentido, cómpre impulsar as alternativas necesarias para garantir un prezo eléctrico competitivo e estable para a industria, especialmente para a industria electrointensiva; así como levar a cabo a intervención temporal por parte da SEPI da planta de Alcoa en San Cibrao coa fin de facilitar a súa posterior venda a un inversor privado que garanta un proxecto industrial viable”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 7

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dar prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles en España por ser unha iniciativa prioritaria, tanto desde o punto de vista económico e laboral, como desde o punto de vista estratéxico, xa que permitiría pechar o ciclo de produción de madeira en Galicia, así como que estude a posibilidade do seu emprazamento na provincia de Lugo, a través da súa representación na Sociedade Impulsa”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 8

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España medidas urxentes para rebaixar o prezo da factura eléctrica, cuxa escalada nos últimos meses afectou tanto ás familias galegas como a todo o noso tecido empresarial. Con este obxectivo suxírese a adopción das seguintes medidas: facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 ao 10%; suprimir definitivamente o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica do 7%; modificar a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico para que, entre outros aspectos, determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custos extrapeninsulares) sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado; ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequeno Consumidor (PVPC) ata potencias que sexan iguais ou inferiores a 15 KW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico; desvincular a tarifa regulada da volatilidade do mercado ao por maior da electricidade, tal e como se está aplicando noutros países europeos; impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios; conceder máis máis peso específico ao termo de enerxía que o de potencia co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo eléctrico; simplificar a factura eléctrica para facilitar a súa comprensión e posta en marcha de inmediato unha campaña de información ás persoas consumidoras que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa eléctrica, facilite a toma de decisión e permita un consumo máis eficiente; e por ultimo, diversificar o parque de xeración eléctrica para evitar a elevada dependencia do gas natural, introducindo entre outras medidas o almacenamento enerxético para a xestión de fontes renovables”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 9

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para impulsar a carreira investigadora co obxectivo de que todas as persoas investigadoras do ámbito público en Galicia dispoñan dun marco común, que lles garante maior profesionalización e maior estabilidade”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 10

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, seguindo a liña emprendida en anteriores lexislaturas de redución da carga fiscal soportada polos galegos, que tivo como finalidade favorecer ás rendas medias e baixas e apoiar a sectores estratéxicos da economía de Galicia, inclúa unha nova rebaixa dos impostos no proxecto de Orzamentos para 2022 que permita que Galicia siga entre as comunidades autónomas coa menor presión fiscal”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 11

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno Central a eliminación das taxas de reposición na convocatoria de ofertas de emprego público para favorecer a estabilidade do emprego público”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 12

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que, no marco das súas competencias, poña en marcha un plan global para loitar contra a exclusión financeira da poboación, nomeadamente no ámbito rural, que reforce e complemente as medidas xa implantadas en Galicia en virtude do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 13

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que no proceso de revisión do sistema de financiamento autonómico, defenda a postura fixada polos acordos acadados neste Parlamento, e que manifieste o seu rexeitamento explícito a calquera intento de substituír o diálogo multilateral entre o Goberno da España e o conxunto dos Gobernos Autonómicos, por fórmulas de negociación bilateral. Así mesmo, que demande ao Goberno Central que este proceso se desenvolva con base nun calendario pechado e perseguindo, ademais da cohesión territorial e o respecto a autonomía fiscal das comunidades autónomas, dous obxectivos básicos:

-Asignar uns recursos suficientes ás comunidades autónomas de réxime xeral en función do volume de gasto efectivamente realizado respecto ao gasto total das administracións públicas.

-Determinar as necesidades de financiamento en base a unha variable que reflicta os factores de custe peculiares de cada comunidade autónoma (en especial a idade e o asentamento disperso da poboación), e garantir un financiamento igual por habitante axustado en función dos anteriores factores con independencia de onde residan”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 14

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar e abrir novos obxectivos na súa política de vivenda comprometéndose a ampliar progresivamente o peso do parque de vivenda pública, mediante a promoción de vivendas novas ou rehabilitadas respectando sempre os estándares de eficiencia enerxética e de accesibilidade universal, introducindo, ademais novas técnicas construtivas como o ‘cohousing’ e materiais sostibles, co obxecto de incrementar o parque de vivenda accesible actual a cinco anos vista. E así mesmo, continuar traballando para favorecer o acceso dos galegos e galegas á vivenda, defendendo as características de Galicia e esixindo ao Goberno central que se dea audiencia ás comunidades na elaboración da futura lei de vivenda estatal, respectando o réxime competencial nesta materia, e que se aproveite a redacción do novo texto para introducir as medidas legislativas necesarias para endurecer as penas por ocupación de vivenda e para axilizar a recuperación do inmovible por parte dos seus propietarios”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 15

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a traballar para a posta en marcha, no menor prazo posible, da Área de Transporte de Galicia, que permita avanzar nun modelo único de mobilidade interurbana con tarifas igualitarias para os usuarios do transporte público de competencia autonómica universalizando, como vén de facer coa gratuidade para os menores de 21 anos de toda Galicia coa tarxeta Xente Nova, tamén os descontos para as familias numerosas, de tal xeito que as rebaixas de entre o 20 e o 50% que se veñen aplicando nas áreas de transporte metropolitano se estendan a todas as liñas de transporte público da Xunta de Galicia. Tamén, a dirixirse aos concellos para instarlles a aplicar as mesmas medidas nos seus servizos de autobús urbano”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 16

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a materialización do compromiso asumido cos galegos da chegada do AVE neste mesmo outono, dotando a liña de trens AVRIL que permitan tempos de viaxe competitivos; así como os investimentos necesarios para a modernización da rede ferroviaria da Comunidade, para estender os beneficios da alta velocidade a Lugo, a Vigo e a Ferrol, e para lograr que a inclusión do noroeste peninsular no Corredor Atlántico se traduza na modernización real e efectiva da rede ferroviaria de mercadorías, co impulso de actuacións estratéxicas como a Saída Sur de Vigo e a liña de alta velocidade con Portugal, a conexión ferroviaria do porto exterior da Coruña ou a terminal ferroviaria de Bouzas, en Vigo”.



O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 17

PXE INFRAESTRUTURAS

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que impulse a aprobación duns Orzamentos Xerais do Estado para 2022 que teñan en conta as necesidades históricas da nosa Comunidade Autónoma en materia de infraestruturas. Deben dotarse as partidas necesarias para: desbloquear o avance das autovías estatais de vertebración de Galicia; estender as bonificacións da AP-9 á autoestrada estatal de conexión Santiago-Ourense, a AP-53.”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 18

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir impulsando, de xeito participativo con Concellos e Deputacións Provinciais, un novo modelo para apoiar aos municipios que voluntariamente o soliciten nas súas responsabilidades en relación co ciclo integral da auga, proporcionando medios técnicos e financeiros para unha xestión profesionalizada destes servizos, fomentando a igualdade de custos en todo o territorio e procurando a máxima eficiencia nos investimentos”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 19

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a velar pola defensa da lingua galega ao amparo do marco legal e da convivencia lingüística; ao tempo que seguirá a impulsar a dinamización do galego no tecido socioeconómico, na mocidade e nas familias; a desenvolver un modelo plurilingüe no ensino e implicar aos formadores para prestar unha especial atención á situación da lingua nas contornas urbanas; e que reforce o uso do galego no audiovisual e, a través do Proxecto Nós, aproveite a tecnoloxía lingüística e a intelixencia artificial para asegurar novos usos da lingua propia de Galicia nos espazos dixitais e na internet”.



o **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 20

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a dixitalización e a innovación da cultura galega, a apoiar as industrias culturais e aos creadores con liñas de apoio específicas, a reforzar a función social da cultura e a promover novos formatos e propostas empregando todas as ferramentas dispoñibles, entre elas, a Cidade da Cultura, como factoría de contidos culturais con difusión dentro e fóra de Galicia; e o Hub Audiovisual, chamado a ser un polo xerador de sinerxías profesionais e empresariais entre os sectores culturais, con especial atención á captación de rodaxes e á produción de videoxogos”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 21

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a apoiar ás universidades públicas galegas cun financiamento estable para o período 2022-2026 e a propiciar a coordinación dun Sistema Universitario Galego (SUG) moderno e innovador, con titulacións diversificadas que cubran ás necesidades de novos perfís profesionais, e a desenvolver unha investigación universitaria orientada a áreas estratéxicas para Galicia.”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 22

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a asegurar un ensino galego de calidade e integrador que propicie a aprendizaxe integral en centros educativos convertidos en espazos sustentables, seguros e creativos nos que estudantes e docentes poidan realizar unha actividade formativa moderna, dixital e innovadora a través de programas e iniciativas que reforcen a adquisición de competencias de coñecementos sobre STEAM e intelixencia artificial, idiomas e atención á diversidade; ao tempo que se fomenta convivencia e igualdade nas aulas e se reforza o modelo da FP en Galicia fomentando a innovación tecnolóxica e pedagóxica destas ensinanzas, unha oferta de ciclos atractiva e a mellora da orientación dos perfís profesionais, co reto de que haxa unha maior relación entre cos centros e as empresas que contribúa a unha axeitada inserción laboral”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 23

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a deseñar e articular a Axenda Galega de Capacidades e Necesidades Laborais coa colaboración de todos os axentes sociais, unha proposta detallada das cualificacións profesionais que serán necesarias para facer fronte aos empregos do futuro, xunto coa elaboración dos módulos formativos necesarios, co obxectivo de mellorar a capacitación dos traballadores ocupados e a empregabilidade das persoas desempregadas; ofrecendo así mesmo modalidades formativas accesibles e flexibles para toda a poboación.”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 24

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, no eido da política social e con respecto ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a adotar as seguintes medidas: asegurar a accesibilidade e garantir os recursos necesarios destinados á denuncia e atención ás mulleres con discapacidade en situación de violencia de xénero, tendo en conta que o Parlamento Europeo indica que o 80 % das mulleres con discapacidade vive nunha situación de violencia e que estas teñen un risco catro veces maior que o resto de mulleres de sufrir violencia sexual; así como a mellorar as medidas de detección e control por parte dos servizos sociais e sanitarios, tendo en conta a maior vulnerabilidade das mulleres con discapacidade á hora de identificar e afrontar diferentes situacións de violencia, ao tempo que se asegure a asistencia axeitada para cada caso e o acompañamento permanente á muller con discapacidade durante todo o proceso subseguinte á interposición dunha denuncia por violencia de xénero”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 25

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, no eido da promoción da igualdade entre mulleres e homes, a adoitar as seguintes medidas: promover melloras significativas en materia de igualdade laboral co fin de garantir condicións laborais máis flexibles e compatibles coa vida persoal e de acadar ao mesmo tempo maiores índices de benestar laboral e social, nomeadamente mediante actividades formativas e campañas de sensibilización efectivas e accesibles a toda a poboación, nas que se aborden temas como a elaboración e aplicación de plans de igualdade nas empresas, a identificación e protocolo de actuación ante casos de acoso laboral ou a promoción da conciliación e a corresponsabilidade nas tarefas do fogar e no coidado de menores e/ou familiares con algún grao de dependencia ao cargo”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 26

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aplicar as conclusións das Comisións de traballo constituídas no marco do Consello Técnico de Atención Primaria, especialmente no relativo á autonomía dos centros, o liderado dos profesionais, a multidisciplinariedade, a redistribución de funcións e o traballo comunitario, particularmente iniciando a elaboración dun novo decreto de ordenación da atención primaria que reforce as funcións de organización do persoal que ocupa as xefaturas de servizo e os postos de coordinación e tomando as medidas para abordar o problema de déficit de especialistas coa presentación dun mínimo de 50 solicitudes de acreditación de novas unidades docentes da especialidade de medicina familiar e comunitaria no prazo actualmente aberto polo Ministerio, ao tempo que reiterando ao Goberno de España a demanda da habilitación extraordinaria de máis prazas MIR, xa sexa dotando á convocatoria ordinaria de mais prazas ou cunha convocatoria extraordinaria”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 27

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a ampliar as actuacións de mellora das infraestruturas sanitarias, avanzando en todos os proxectos de reforma hospitalaria, incidindo de xeito particular en reforzar a capacidade dos sete hospitais comarcais galegos abordando, ao longo do vindeiro ano, actuacións de mellora en todos eles; así como presentando antes de rematar o ano un Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria que priorice as actuacións máis necesarias para permitir unha renovación e mellora das infraestruturas deste nivel asistencial, así como unha adaptación dos espazos ás necesidades reais dos centros”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 28

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a avanzar na capacidade innovadora da sanidade pública galega creando unha unidade de referencia en protonterapia para Galicia e o Norte de Portugal que permita desenvolver esta técnica de precisión que posibilita abordar tumores complexos ou promovendo o uso do *big data* e da intelixencia artificial no eido sanitario para mellorar o tratamento dos pacientes, creando unha infraestrutura para que toda a información sanitaria, axeitadamente anonimizada, poida ser accesible de xeito seguro por parte dos investigadores e dos profesionais de cara a traballar en rede e levar a cabo tratamentos individualizados ou cribados”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 29

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir avanzando nas medidas de conciliación e apoio ás familias, no marco da Lei de impulso demográfico, e a reclamar do Goberno de España que contribúa no financiamento da gratuidade total da educación infantil de 0 a 3 anos en Galicia, que se porá en marcha a partir do vindeiro curso.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº30

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dar os pasos precisos para a implantación progresiva do novo modelo de coidados nas residencias de maiores da comunidade, comezando polos centros públicos, e a reclamar do Goberno de España o cofinanciamento preciso para que estas melloras da atención cheguen coa maior axilidade a todos os centros”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 31

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para garantir o máximo compromiso de todas as administracións coa Lei de Dependencia: consensuando coas entidades locais unha reforma do Servizo de Axuda no Fogar que siga mellorando o seu alcance, calidade e condicións laborais e blinde a súa sustentabilidade e reclamando ao Goberno central que incremente a súa participación nos fondos destinados ás persoas dependentes ata chegar á contorna do 50%”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 32

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que apoie ás explotacións adheridas á marca *Leite de pastoreo de Galicia* mediante o financiamento de sistemas homologados de certificación do pastoreo, co fin de orientar a transformación do sector ao pastoreo e dar máis viabilidade económica ao agro galego, así como a que aplique as accións da Estratexia do Sector Lácteo buscando dar resposta ás necesidades dos gandeiros e industrias e fixar obxectivos e retos de futuro aprofundando na transparencia e no bo funcionamento da cadea de valor do leite e reforzando a un sector tan importante do agro galego pola vía do recoñecemento das súas peculiaridades na PAC 2023-2027 que se está a negociar actualmente”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 33

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á posta en marcha de polígonos agroforestais para favorecer a implantación de novas iniciativas produtivas agrarias ou a ampliación da base territorial das xa existentes, así como a implantación de plans de dinamización para as aldeas modelo, poñéndoos en marcha nos núcleos rurais destas e orientándoos a rexenerar e xerar actividade económica e a conservar o patrimonio do rural galego. E, así mesmo, a aplicar as medidas do Plan Forestal de Galicia recentemente aprobado, garantindo a sustentabilidade do monte galego, favorecendo a multifuncionalidade e a diversificación de usos e asegurando así a xestión forestal activa das masas de frondosas autóctonas, así como desenvolver medidas específicas de cara ao souto e a produción de castañas e impulsar unha relación de accións para o fomento e xestión das masas de coníferas e un control para o cumprimento da moratoria sobre novas plantacións de eucalipto”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 34

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a deseñar e poñer en marcha unha Estratexia Galega para a Economía Azul, de xeito que cubra aos sectores e industrias que están directamente apoiados no medio mariño ou costeiro, en liña coa decisión da Unión Europea e centrada na base das actividades marítimo-pesqueiras tradicionais, tendo como elemento clave a coordinación e compatibilidade con outras actividades e o equilibrio e sustentabilidade en termos ambientais, sociais e económicos”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 35

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a definir unha proposta e liderar a revisión e reforma da Política Común de Pesca, sinalando que un deseño adecuado da nova PPC ten que ser unha solución europea e europeísta que reforce a cohesión social e económica e que reforce a Unión. Esta proposta de reforma debe abordar, desde a cogobernanza co sector, os retos actuais para alcanzar unha pesca sostible, equitativa e próspera para o futuro, sendo o maior reto garantir que o sector pesqueiro europeo poida traballar en igualdade de condicións, xa que é unha industria enormemente globalizada, e afianzar o carácter social desta actividade, acadando un axeitado relevo xeracional”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 36

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a Estratexia Galicia Dixital 2030 poñendo en marcha as actuacións para impulsar a capacitación dixital da cidadanía, establecendo mecanismos que faciliten a súa formación en competencias básicas con especial fincapé na fenda de xénero, a creación dun Centro de Ciberseguridade traballando en estreita colaboración coas entidades competentes no ámbito estatal e europeo, e a construción dun *Data Center* de alta dispoñibilidade que reforce os mecanismos de seguridade, dispoñibilidade e custodia dos datos nun contexto de impulso definitivo á dixitalización do sector público. Tamén, dirixirse ao Goberno de España para que concrete e priorice a execución das actuacións enmarcadas dentro do Programa Único, para a mellora da cobertura de redes de fibra óptica na nosa comunidade ao obxecto de acadar os novos obxectivos 2025 fixados por Europa, así como as medidas contempladas na Estratexia de Impulso da Tecnoloxía 5G que permitan incentivar o despregamento desta tecnoloxía no rural galego, así como en aquelas infraestruturas, polos industriais e de coñecemento estratéxicos da comunidade autónoma ”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 37

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar colaborando co Goberno de España no proceso de exhumación de vítimas da Guerra Civil e represión franquista iniciado en Galicia no presente ano; a demandar á Administración Xeral que realice as actuacións pertinentes para reclamar a propiedade dos bens con valor cultural vinculados ao sitio histórico que na actualidade permanecen en Meirás e cuxa propiedade non está sendo reclamada polo Estado; así como a consensuar e coordinar coa Administración Xeral e coas distintas administracións locais as actuacións encamiñadas a procurar a recuperación —para o patrimonio público— dos bens con valor cultural vinculados ás torres de Meirás, da Casa Cornide, das Estatuas de Abrahan e Isaac incorporados irregularmente ao patrimonio do ditador Francisco Franco, continuando a senda de colaboración institucional que posibilitou a recuperación para o dominio público do Pazo de Meirás, cuxa xestión debe cederse no prazo mais breve á Xunta de Galicia, como lexítima representante do autogoberno galego, en cumprimento do acordo adoptado polo Parlamento de Galicia”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 38

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, como complemento ao novo impulso das políticas de fomento do retorno que se implementarán na nova estratexia para o ano 2022, solicite ao Goberno de España que tome as medidas necesarias para favorecer a integración persoal e familiar das persoas retornadas, levando a cabo o desenvolvemento e modificación da normativa estatal que afecta ao proceso de retorno, o que permitirá garantir este dereito aos españois no exterior e os seus descendentes, enriquecendo a nosa sociedade e facéndoa máis aberta, plural e competitiva, adoptando en particular, as seguintes accións: Introducir plans estatais específicos de acceso á vivenda; axilizar o procedemento de homologación de títulos universitarios obtidos no exterior; reducir os trámites e axilizar as concesión de permisos de residencia e traballo dos cónxuxes e descendentes sen nacionalidade; eliminar as desigualdades coas que a lexislación fiscal estatal grava aos emigrantes e aos retornados, así como mellorar a información e os criterios de aplicación da AEAT e dotar do financiamento axeitado ás comunidades autónomas para que poidan mellorar as medidas que teñan en marcha e que complementan a escasa labor do Goberno de España”.



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 39

“Co gallo do 40ª aniversario do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento de Galicia reconece os logros acadados nestas décadas, que permitiron alcanzar as maiores cotas de autogoberno e o maior desenvolvemento social, económico e político da nosa historia común. Neste senso, o Parlamento de Galicia ratifica o seu compromiso cos valores democráticos contidos no Estatuto de Autonomía e na Constitución así como co espírito de concordia que fixo posible a Transición.

Igualmente, esta Cámara renova a súa vontade de seguir afondando no desenvolvemento do autogoberno que nos corresponde como nacionalidade histórica, con lealdade á unidade da España da que formamos parte. En consonancia con esta convicción, rexeitamos as posicións independentistas e a súa defensa da autodeterminación xa que o futuro colectivo da Nación española corresponde a todos os españois.

Do mesmo xeito condenamos o uso da violencia como vehículo para alcanzar calquera obxectivo político, así como todos aqueles pronunciamentos que desde os ámbitos institucionais, políticos ou sociais intenten lexitimala.”



O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposta de Resolución**, para o “Debate anual de política xeral”

Proposta de Resolución nº 40

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno central que os Orzamentos Xerais do Estado de 2022 manteñan e adapten o Fondo COVID para que as comunidades autónomas sigamos dispoñendo dos recursos extraordinarios precisos para financiar os gastos derivados da pandemia aínda non finalizada así como os investimentos necesarios para aplicar as leccións extraídas da súa xestión”.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2021 10:25:07



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de outubro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

1. Procedementos de control e impulso

1.1. Comunicaci3ns da Xunta de Galicia

1.1.1. Debate de pol3tica xeral

Cualificaci3n das propostas de resoluci3n transaccionadas e petici3n de votaci3n separada de propostas de resoluci3n presentadas polos grupos parlamentarios en relaci3n co debate de pol3tica xeral de 2021

I. A Mesa do Parlamento, na súa sesi3n do 14 de outubro de 2021, cualificou as propostas de resoluci3n formalizadas polos grupos parlamentarios en relaci3n co debate de pol3tica xeral da Comunidade Aut3noma de Galicia de 2021.

II. Na sesi3n do 15 de outubro, examin3ronse as propostas de transacci3n e as petici3ns de votaci3n separada de propostas de resoluci3n e adoptouse o seguinte acordo:

1.º) Tomar coñecemento das propostas de transacci3n e das petici3ns de votaci3n separada seguintes:

a) Propostas de resoluci3n transaccionadas:

1. — 23715 Proposta de transacci3n entre o G.P. Popular de Galicia e o G.P. do Bloque Nacionalista Galego verbo da proposta de resoluci3n nº 16 do G.P. Popular de Galicia.
2. — 23716 Proposta de transacci3n entre o G.P. do Bloque Nacionalista Galego e o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo da proposta de resoluci3n nº 31 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
3. — 23717 Proposta de transacci3n entre o G.P. Popular de Galicia e o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo da proposta de resoluci3n nº 16 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
4. — 23718 Proposta de transacci3n entre o G.P. Popular de Galicia e o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo da proposta de resoluci3n nº 32 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
5. — 23719 Proposta de transacci3n entre o G.P. Popular de Galicia e o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo da proposta de resoluci3n nº 15 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
6. — 23720 Proposta de transacci3n entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e o G.P.



Popular de Galicia verbo da proposta de resolución nº 20 do G.P. Popular de Galicia.

7. —23721 Proposta de transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución nº 39 do G.P. Popular de Galicia.
8. —23722 Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia e o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo da proposta de resolución nº 13 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
9. —23723 Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia e o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo das propostas de resolución nº 21 do G.P. Popular de Galicia e nº 30 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
10. —23724 Proposta de transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución nº 26 do G.P. dos Socialistas de Galicia.
11. —23725 Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia e o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo da proposta de resolución nº 36 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

b) Solicitudes de agrupación-votación separada das propostas de resolución:

- **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia:**

1. Propostas de resolución núms.: 3,33
2. Propostas de resolución núms.: 19,22
3. Propostas de resolución núms.: 1-2,4-12,14,17-18,20-21,23-25,27-29,34-35,37-40

- **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego:**

1. Propostas de resolución núms.: 16,35
2. Propostas de resolución núms.: 22,33
3. Propostas de resolución núms.: 1,4,8,11,26,31,34
4. Propostas de resolución núms.: 2,12,19-20,25,36-37



5. Propostas de resolución núms.: 3,5-7,9-10,13-15,17-18,21,23-24,27-30,32,38-40

• **Grupo Parlamentario Popular de Galicia:**

1. Proposta de resolución núm.: 40
2. Propostas de resolución núms.: 1,3
3. Propostas de resolución núms.: 8,11,31
4. Propostas de resolución núms.: 4,6,32,38
5. Propostas de resolución núms.: 9,17,23-24
6. Propostas de resolución núms.: 25,27,29,36
7. Propostas de resolución núms.: 10,18-19,26,33
8. Propostas de resolución núms.: 2,7,22,28,34-35
9. Propostas de resolución núms.: 5,12-15,30,37

2.º) As propostas de transacción implican o decaemento das propostas de resolución sobre as que se transacciona polo que estas non se someterán a votación.

3.º) Someterase a votación a parte resolutiva e non a parte expositiva das propostas de resolución.

4.º) Os parágrafos da parte resolutiva das propostas de resolución, estean ou non identificados con guións ou con calquera outro signo de puntuación, non poderán dar lugar a unha votación separada.

5.º) En relación coas propostas polas que se crean órganos parlamentarios por resolución do Pleno, conforme ao previsto no Regulamento e os precedentes, a súa creación está suxeita ao previo cumprimento dos requisitos regulamentarios esixidos para cada tipo de órgano.

O que se comunica para o coñecemento dos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel Angel Santalices
Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel Santalices Vieira,
Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Angel
Santalices Vieira, Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia
.es
Fecha: 2021.10.15 10:01:23 +02'00'

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia
Sr. Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Sra. Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Sr. Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente na data 15/10/2021 10:01:23



Proposta de transacción entre o GP Popular de Galicia e o GP do BNG verbo a proposta de resolución número 16 do GP Popular de Galicia

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a materialización do compromiso asumido cos galegos e galegas da chegada do AVE a Galicia neste mesmo outono, dotando a liña de trens AVRIL que permitan tempos de viaxe competitivos; a rebaixa do tren Avant que comunica Ourense con Santiago e A Coruña para homologalo con outras liñas do resto de Galicia; a recuperación e o incremento de servizos, coa implantación do tren de proximidades sempre que sexa posible e as conseguíntes vantaxes en canto a frecuencias, horarios e prezos; así como os investimentos necesarios para a modernización da rede ferroviaria galega, para estender os beneficios da alta velocidade a Lugo, a Vigo e a Ferrol, e para lograr que a inclusión do noroeste peninsular no Corredor Atlántico se traduza na modernización real e efectiva da rede ferroviaria de mercadorías, co impulso de actuacións estratéxicas, a Saída Sur de Vigo, a liña de alta velocidade Vigo-Porto, a conexión ferroviaria do porto exterior da Coruña, do Porto de Vigo e das plataformas loxísticas-portos secos, ademais da modernización da liña Ferrol-Ribadeo”.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2021 21:43:58

Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2021 21:46:57



Proposta de transacción entre o G.P do BNG e o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo da proposta de resolución 31 do GP dos Socialistas

Resolución nº 31. Vivenda

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar novos obxectivos na política de vivenda, comprometéndose a incrementar o orzamento dedicado á consolidación dun parque de vivenda pública, mediante a promoción de vivendas novas ou rehabilitadas, que responda ás demandas do Rexistro de Demandantes de Vivenda e co obxectivo de duplicar o parque de vivenda actual a cinco anos vista, tal e como foi aprobado na Cámara galega no ano 2018, ao tempo que atenda as demandas de axudas de vivenda en aluguer para colectivos vulnerables que contempla o Plan Estatal de Vivenda, complementándoas con fondos propios e programas propios no caso de ser preciso, e garantindo unhas condicións das bases igualitarias para os galegos e galegas fronte a outras comunidades autónomas.

Así mesmo, elaborar, no ámbito das súas competencias, un Plan Galego para a Rehabilitación de Vivendas, con especial atención ós cascos históricos, tendo como obxectivos a rehabilitación de vivenda para a eficiencia enerxética e a accesibilidade, así como actuacións de rexeneración e renovación urbana e rural.”

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2021 19:43:43

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 19:47:19



Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia e o G. P. Socialista
verbo das Propostas de Resolución 16 do G. P. Socialista.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a continuar desenvolvendo as medidas previstas nos plans de goberno dixital e de mellora da xestión dos servizos públicos, así como no programa de integridade institucional, dirixidas á renovación e transformación cara a unha administración dixital, fomentando a mellora continua das prácticas de transparencia e bo goberno, na acción do goberno e na actividade da Administración, tanto a nivel institucional como económico, aumentando a participación cidadá”.

Santiago de Compostela, 14 de outubro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2021 20:28:13

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 20:34:23



Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia, o G. P. do Grupo Socialista verbo das Propostas de Resolución número 32 do Grupo Socialista.

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a publicar o antes posible o Plan galego integral de loita contra a explotación sexual e trata, que está elaborando coa Rede Galega contra a Trata, que integra ás entidades que traballan neste campo e que inclúe accións de asistencia e protección ás vítimas; de educación e formación; de inserción laboral; de sensibilización, prevención e investigación; de coordinación e cooperación”.

Santiago de Compostela, 14 de outubro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2021 20:27:22

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 20:34:37



Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia, o G. P. Socialista verbo das Propostas de Resolución número 15 do G.P. Socialista de Galicia.

O Parlamento amosa o seu rexeitamento aos discursos de odio e insta a todas as forzas políticas a rexeitar calquera declaración que atente gravemente contra a dignidade humana, cuestionando os dereitos fundamentais das persoas LGTBI.

Así como a seguir desenvolvendo á Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGTBI, en colaboración co Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, no relativo á posta en marcha de campañas de sensibilización, información e formación, nos distintos sectores sociais, sobre a realidade das persoas LGTBI.

Santiago de Compostela, 14 de outubro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2021 20:26:37

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 20:34:55



Proposta de transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 20 do G.P. Popular de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a dixitalización e a innovación da cultura galega, a apoiar as industrias culturais e aos creadores con liñas de apoio específicas, a reforzar a función social da cultura e a promover novos formatos e propostas empregando todas as ferramentas dispoñibles. Ademais, impulsará a Cidade da Cultura como-factoría de contidos culturais con difusión dentro e fóra de Galicia e o Hub Audiovisual, chamado a ser un polo xerador de sinerxías profesionais e empresariais entre os sectores culturais, con especial atención á captación de rodaxes e á produción de videoxogos.”

Santiago de Compostela, 14 de outubro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2021 20:45:36

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 20:58:24



Proposta de transacción entre o G.P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución número 39 do G.P. Popular de Galicia.

“Co gallo do 40^a aniversario do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento de Galicia reconece os logros acadados nestas décadas, que permitiron alcanzar as maiores cotas de autogoberno e o maior desenvolvemento social, económico e político da nosa historia común. Neste senso, o Parlamento de Galicia ratifica o seu compromiso cos valores democráticos contidos no Estatuto de Autonomía e na Constitución así como co espírito de concordia que fixo posible a Transición.

Igualmente, esta Cámara renova a súa vontade de seguir afondando no desenvolvemento do autogoberno que nos corresponde como Nacionalidade Histórica, con lealdade a unidade de España da que formamos parte. En consonancia con esta convicción, non compartimos as posicións independentistas nin consideramos que traian nada positivo para Galicia, nin tampouco a súa defensa da autodeterminación xa que o futuro colectivo da Nación Española corresponde a todos os españois.

Do mesmo xeito condenamos o uso da violencia como vehículo para alcanzar calquera obxectivo político, así como todos aqueles pronunciamentos que desde os ámbitos institucionais, políticos ou sociais intenten lexitimala.”

Santiago de Compostela, 14 de outubro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2021 20:49:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 20:58:56



Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia e o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 13 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar, conforme aos principios reitores do novo Plan Estratéxico de Galicia, o Plan de xuventude para os vindeiros anos, que supoña un marco para o desenvolvemento de políticas xuvenís, co fin de promover entre a xente nova unha vida saudable, emancipada e autónoma incluíndo medidas nos ámbitos de actuación contemplados na Lei de xuventude de Galicia”

Santiago de Compostela, 14 de Outubro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2021 20:13:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 20:36:57



Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia, o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo das Propostas de Resolución número 21 do G.P. Popular de Galicia e a número 30 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a apoiar ás universidades públicas galegas cun financiamento estable para o período 2022-2026 e a propiciar a coordinación dun Sistema Universitario Galego (SUG) moderno e innovador, con titulacións diversificadas que cubran ás necesidades de novos perfís profesionais, e a desenvolver unha investigación universitaria orientada a áreas estratéxicas para Galicia.

Incrementarase a porcentaxe de financiamento estrutural fixada no Plan Galego de Financiamento Universitario, logo dunha revisión pormenorizada dos criterios de cálculo, que permita ás universidades públicas galegas manter un financiamento estable que asegure as súas estruturas e que non estean tan condicionados a resultados ou obxectivos.

Así mesmo, incrementar o orzamento do capítulo dedicado á investigación universitaria en todos os seus programas, fortalecendo e/ou mellorando os existentes e lanzando novas iniciativas que aseguren o mantemento de estruturas e do capital humano investigador”.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2021 20:32:25

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 20:35:08



Proposta de transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G.P. Popular de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 26 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a desenvolver un plan de reactivación do pequeno e mediano comercio que supere o realizado ata este momento, dotado de maior orzamento, que inclúa un plan de reapertura dos pequenos negocios que tiveron que pechar por mor da pandemia para poder reactivar o pequeno e mediano comercio.

Así mesmo, debe impulsarse un Plan de Adaptación Dixital para o pequeno comercio, co obxectivo de mellorar a súa competitividade e manter o seu emprego”.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2021 20:17:43

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 20:30:08



Proposta de transacción entre o G.P. Popular de Galicia e o G.P. dos Socialistas de Galicia verbo da Proposta de Resolución número 36 do G.P. dos Socialistas de Galicia.

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a desenvolver un novo modelo de atención e coidados ós nosos maiores que inclúa ampliar a rede de centros residenciais para crear preto de 2.000 novas prazas residenciais públicas no que queda de lexislatura e reforzar os equipos de inspección dependentes da Consellería de Política Social para incrementar a supervisión destes centros de maiores, así como retrasar o máximo posible o proceso de institucionalización dos nosos maiores mellorando o coidado domiciliario e coordinando mellor os recursos disponibles”

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/10/2021 20:18:50

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 20:30:20



SOLICITUDES AGRUPACIÓN-VOTACIÓN SEPARADA PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN - DEA



GRUPO PARLAMENTARIO BNG

	PP																																								
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	
Agrupación 1							X	X			X					X	X							X	X							X									X
Agrupación 2		X			X	X			X			X	X	X	X			X	X	X			X				X		X		X			X	X	X		X		X	
Agrupación 3	X		X	X		X																X				X	X	X	X				X				X	X			
Agrupación 4																																									
Agrupación 5																																									
Agrupación 6																																									
Agrupación 7																																									
Agrupación 8																																									
Agrupación 9																																									
Agrupación 10																																									

	PSOE																																							
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40
Agrupación 1	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Agrupación 2																																								
Agrupación 3																			X			X																		
Agrupación 4																																								
Agrupación 5																																								
Agrupación 6																																								
Agrupación 7																																								
Agrupación 8																																								
Agrupación 9																																								
Agrupación 10																																								

	BNG																																							
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40
Agrupación 1																X						X											X		X					
Agrupación 2																																								
Agrupación 3																																								
Agrupación 4																																								
Agrupación 5																																								
Agrupación 6																																								
Agrupación 7																																								
Agrupación 8																																								
Agrupación 9																																								
Agrupación 10																																								

Parlamento de Galicia
 Xunta de Galicia
 Parlamento de Galicia
 Xunta de Galicia
 Parlamento de Galicia
 Xunta de Galicia
 Parlamento de Galicia
 Xunta de Galicia

CSV: REXISTRO70dBG10ga5
 Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2021 22:11:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2021 22:12:14
Nº Rexistro: 23728
Data envío: 14/10/2021 22:12:14.288

CSV: REXISTRO70dBG10ga5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SOLICITUDES AGRUPACIÓN-VOTACIÓN SEPARADA PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN - DEA 2021

GRUPO PARLAMENTARIO DOS SOCIALISTAS

Firmado digitalmente por
 Gonzalo Cabaleiro Miñarez
 Nombre de envío: Miñarez
 DNI de Gonzalo Cabaleiro Miñarez
 Fecha: 2021.10.14 22:13:54
 ID: 1001

Gonzalo
Cabaleiro
Miñarez

PP

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40
Agrupación 1		x					x		x								x			x		x	x	x	x	x		x	x	x				x	x	x			x	
Agrupación 2	x		x							x									x	x							x													x
Agrupación 3				x	x	x		x			x	x	x	x	x	x														x	x	x					x	x		
Agrupación 4																																								
Agrupación 5																																								
Agrupación 6																																								
Agrupación 7																																								
Agrupación 8																																								
Agrupación 9																																								
Agrupación 10																																								

BNG

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40
Agrupación 1			x		x	x	x		x	x			x	x	x	x	x	x			x		x	x			x	x	x	x		x			x			x	x	x
Agrupación 2		x										x							x	x		x			x								x			x	x			
Agrupación 3	x			x				x			x															x					x		x							
Agrupación 4																																								
Agrupación 5																																								
Agrupación 6																																								
Agrupación 7																																								
Agrupación 8																																								
Agrupación 9																																								
Agrupación 10																																								

PSOE

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40
Agrupación 1																																								
Agrupación 2																																								
Agrupación 3																																								
Agrupación 4																																								
Agrupación 5																																								
Agrupación 6																																								
Agrupación 7																																								
Agrupación 8																																								
Agrupación 9																																								
Agrupación 10																																								



Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 14/10/2021 22:02:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/10/2021 22:13:54
Nº Rexistro: 23729
Data envío: 14/10/2021 22:13:54.334

CSV: REXISTRO Y2g4vmjAE9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SOLICITUDES AGRUPACIÓN-VOTACIÓN SEPARADA PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN - DEA 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

14 OUT. 2021

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR

Núm. 23730

BNG																																								
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40
Agrupación 1																																								
Agrupación 2	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Agrupación 3																																								
Agrupación 4																																								
Agrupación 5																																								
Agrupación 6																																								
Agrupación 7																																								
Agrupación 8																																								
Agrupación 9																																								
Agrupación 10																																								

PSOE																																								
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40
Agrupación 1			X																														X							
Agrupación 2	X	X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Agrupación 3																																								
Agrupación 4																																								
Agrupación 5																																								
Agrupación 6																																								
Agrupación 7																																								
Agrupación 8																																								
Agrupación 9																																								
Agrupación 10																																								

PP																																								
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40
Agrupación 1	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Agrupación 2																																								
Agrupación 3																																								
Agrupación 4																																								
Agrupación 5																																								
Agrupación 6																																								
Agrupación 7																																								
Agrupación 8																																								
Agrupación 9																																								
Agrupación 10																																								

PP